Un elemento fundamental da execución do Proder foi a Planificación das intervencións. En coherencia co expresado anteriormente, como primeira medida redactouse o Plan de Desenvolvemento Turístico, onde se recollen boa parte das actuacións levadas a cabo a través do Proder; Proxectos como o inventario e estudos realizados no casco histórico de Pontedeume en colaboración co propio Concello e a Escola de Arquitectura de A Coruña. Estudos que conlevaron as intervencións de recuperación do mesmo, fundamentalmente 19 fachadas e as prazas do Conde, praza Real e de San Roque que acabaron por recuperar o esplendor dun casco especialmente atractivo e vivo como é o de Pontedeume. As intervencións no ámbito dos Andrade: Castelo de Nogueirosa e Torreón dos Andrade, e en outros elementos de gran valor como o Mosteiro de Monfero, Castelo de Narahío, e mostras do Románico como a Igrexia de Sta. Maria de Dorofía e San Miguel de Breamo.



Ou o apoio á creación dunha oferta diferenciada e de calidade co apoio dado a, entre outros, oito aloxamentos de turismo rural (“Casas do Eume”), albergues turísticos e especialmente os oito restaurantes de dous garfos, cinco dos cales forman parte a día de hoxe da coñecida rede Cantinas do Eume.



Estas e outras accións atópanse recollidas na publicación “EuroEume unha proposta de actuación no patrimonio”, coa que pretendeuse dar a coñecer tanto os resultados do traballo realizado como os criterios que serviron de base para a execución das intervencións.

Dende o ano 2.002 EuroEume está a xestionar un novo programa de Desenvolvemento Rural, a Iniciativa Comunitaria Leader +. Para iso realizouse un novo documento de planificación, o *Plan Participativo de Desenvolvemento Rural para o territorio EuroEume*, que establece varias liñas estratéxicas. Dito plan recolle o testigo do labor realizado anteriormente, e nese sentido é continuista, se ben aborda mais ámbitos de actuación ademais do patrimonial e turístico. As diferentes liñas de actuación do Plan pódense sintetizar nos seguintes apartados:

### **Mellorar a capacidade de organización da poboación**

Este é o primeiro dos obxectivos estratéxicos, reforzar a cohesión social, obxectivo que está presente nos diferentes apartados a través do resto de actuacións. As denominadas “mesas sectoriais”, son foros de encontro abertos, onde podemos debatir e consensuar propostas de actuación que contribúan a mellorar a nosa realidade. Neste sentido tense traballado dende a Mesa Sectorial de entidades sen ánimo de lucro, chamada Mesa pola calidade de vida e do tecido asociativo.

De este foro xurdiu a implementación e desenvolvemento do programa comunitario Enea, que pretende dar un papel activo as persoas de maior idade na sociedade. A inxedanza por acadar a igualdade de oportunidades, obxectivo transversal no Leader, está a recibir un novo impulso dende outra Iniciativa Comunitaria, o Equal. Para a definición do seu programa realizáronse varios talleres coas asociacións de mulleres do territorio que deberán tamén participar na implementación do programa.



Co Equal e aproveitando o diagnóstico realizado na marco da implementación da Axenda 21 Local preténdese por unha banda establecer un mapa dos diferentes servizos que se están a prestar, fundamentalmente no ámbito dos servizos sociais, e por outra recoller as necesidades existentes para intentar posteriormente darlles unha mellor resposta.

Un proxecto que se está a traballar dende hai tempo na Mesa sectorial é o da creación dun medio de comunicación escrito, un xornal. Preténdese impulsala comunicación no medio rural e procurar que a súa imaxe sexa consecuente

coa sua nova realidade. Difundindo a información que se produce no territorio entre os seus propios habitantes, convertindo o territorio no marco informativo e a vida das suas xentes, das institucións, asociacións, etc. no contido da información.

# O berce do Eume

a capela • as pontes • as serrañas • Cabanas • moeche • monfero • ponte-eume • san xurxo • vilariño • vilariño

<p><b>San Xurxo</b> Actuacións en outros espazos do gran valor como o Mosteiro de Monfero, neste sentido actuacións relacionadas co territorio, neste sentido traballo de actuacións formativas. páx. 12</p>	<p><b>Monfero</b> O territorio se estivo relacionado no campo histórico do Patrimonio en colaboración co propio Concello. Neste sentido as actuacións relacionadas co territorio, neste sentido traballo de actuacións. páx. 14</p>	<p><b>Moeche</b> Un dos ámbitos nos que máis facilmente incorporamos o pasado do patrimonio como recurso turístico, neste sentido as actuacións relacionadas co territorio, neste sentido traballo de actuacións. páx. 17</p>
--	---	---

## Euroeume dez anos despois

O Centro de Desenvolvemento Rural Euroeume é unha asociación sen ánimo de lucro, decidida de interese público, na que poden participar todas as entidades territoriais e persoas físicas interesadas no desenvolvemento do territorio abarcado por Euroeume, que comprende os concellos de Cabanas, Al Capela, Moeche, Monfero, Ponte-eume, As Pontes, San Xurxo, As Serranas e Vilariño.

Estados a falar dun modelo de desenvolvemento rural, que tenta como fin conseguir un desenvolvemento económico, social e ambiental coa súa propia identidade. Euroeume pretende constituír un foro de debate onde se consideren as necesidades e accións necesarias para a súa realización. Así, a entidade debe manter a súa identidade política, a transparencia na xestión das recursos públicas e o respecto pola súa propia identidade, tanto para o territorio, como para as entidades territoriais.



## Un novo xornal nace para a comarca

Estados a falar dun modelo de desenvolvemento rural, que tenta como fin conseguir un desenvolvemento económico, social e ambiental coa súa propia identidade. Euroeume pretende constituír un foro de debate onde se consideren as necesidades e accións necesarias para a súa realización. Así, a entidade debe manter a súa identidade política, a transparencia na xestión das recursos públicas e o respecto pola súa propia identidade, tanto para o territorio, como para as entidades territoriais.



## Conservación e posta en valor dos recursos naturais, patrimoniais e culturais.

Non se está a valorar axeitadamente a necesidade de coñecer e conservar o patrimonio inmaterial das nosas comarcas, que debido aos fortes cambios experimentados ao longo do pasado século vaise estragándose cada día pola inevitable desaparición dos nosos protagonistas anónimos.

Lonxe dun interese nostálgico polo pasado é importante apreciar a utilidade de conservar e difundir as experiencias locais, contrastalas con novas ideas e experiencias, que poidan facilitar a toma de decisións de planificación, apoiadas na experiencia do pasado e que fuxan do mimetismo acrítico.

Contamos con poder recoller ese coñecemento fruto da experiencia a través do estudo sobre a Memoria Histórica e Oral do territorio, que debe ser ao mesmo tempo un activo que aproveitar desde a Asociación Universidade Rural Paulo Freire do Eume.

Outro proxecto ambicioso no que estamos a traballar é a creación dunha ruta que implique os principais elementos patrimoniais do territorio (Castelo e Torreón dos Andrade, Mosteiros de Monfero e Caaveiro, Castelos de Moeche e Narahío, etc.), dita ruta conleva un centro documental, proxectos de acondicionamento, musealización, información, etc. Para acadar o obxectivo de ter unha ruta de *museos vivos* é fundamental contar coa participación dos concellos e entidades asociativas do territorio, así como do resto de administracións.

Un expediente que vira a reforzar as accións anteriores é o do Museo Etnográfico da Casa do Pazo na Capela. Outros proxectos que veñen a incidir na recuperación de recursos naturais, son as intervencións levadas a cabo nos marxes dos ríos Xubia, Baxoi, Porto das Lapelas e pronto no río Eume ao seu paso por As Pontes.

A través de Leader estanse apoiando proxectos como a creación de Centros de día, un parque infantil, xeriátrico, unha residencia para nenos autistas de Aspanais, etc.

## A adaptación do sector agroalimentario ás novas condicións dos mercados

Esta é outra das nosas liñas de actuación. Aquí tamén arrancamos cunha Mesa agrogandeira constituída por cooperativas, explotacións agrarias e gandeiras, administración e sindicatos agrarios. Mesa, que fructificou na constitución da Agrupación Agroalimentaria do Eume integrada polas cooperativas agrarias e varias explotacións do territorio.

A Agrupación Agroalimentaria está a traballar na capacitación e organización dos produtores do territorio, así coma no control da calidade das producións obtidas. Esta entidade acondicionou un local para o uso en común dos produtores socios, que permitiu obter un Rexistro Sanitario, ademais incentivase a transformación e apoiaase a comercialización das diferentes producións. Na actualidade funciona un "Grupo de consumo" formado por consumidores responsables. Outras vías de comercialización que se leván a cabo son os canais de hostelería, restauración e comercio minorista local e a promoción a través da web [www.agroalimentariadoeume.org](http://www.agroalimentariadoeume.org)

A través de Leader apoiáronse outros proxectos, ademais dos directamente relacionados coa AAE, como o da Casa do Mel en Goente.





### Desenvolvemento do potencial turístico.

No período do Proder funcionou a Mesa do turismo, que tivo como fruto a creación da Asociación de Empresarios de Turismo do Eume, que agrupa aos propietarios das casas de turismo rural, Cantinas do Eume, turismo activo, etc.

Neste novo período considerouse oportuno a creación dun ente de xestión turística do territorio que xestionase o destino amparado pola marca Eumeturismo. Dito ente é o Centro de Iniciativas Turísticas Eumeturismo, que ten entre as súas funcións, a promoción, comercialización, formación e mellora da calidade do destino Eumeturismo. [www.eumeturismo.org](http://www.eumeturismo.org).

Ao mesmo tempo continuase implementando e desenvolvendo o Plan de Desenvolvemento Turístico deseñado no 98, a través do apoio á creación de nova oferta turística (aloxamentos, establecementos de restauración, empresas de actividades), actividades formativas en calidade, de promoción e comercialización, sinalización, etc. De feito esta segue a ser a medida máis dotada economicamente no Leader.



### Valorización das pemes e artesanía.

Co impulso dado para a constitución da Asociación de Artesáns do Eume deuse un paso máis aló que o simple apoio a iniciativas particulares, creándose unha rede de artesáns que están a plantexar necesidades para o conxunto do sector: como son a edición dun catálogo, exposicións conxuntas, asistencia a feiras, etc., que poideron ser atendidas a través da Inicitiva Leader, así como outras actuacións concretas como as levadas a cabo en diferentes obradoiros de artesanía de pedra (3), orfebrería, etc.

Outros proxectos, fundamentalmente de apoio a pemes que poideron ser apoiados corresponderon a un centro de formación, panaderías, unha explotación de ratos, fabricación de invernadoiros, a realización dun estudo sobre o comercio local, etc.



Todas estas experiencias constitúen un exemplo de cómo a Asociación EuroEume entende que deben ser abordadas as intervencións sobre os “recursos” do territorio... fundamentalmente buscando a concertación. Débense poñer de acordo os diferentes axentes públicos e privados e respetar a participación e opinión dos distintos axentes sociais, especialmente dos locais.

Unha Asociación representativa e cohesionada permitirá asumir retos cada vez maiores e converterse en interlocutor para debater as propostas de desenvolvemento que afecten a este territorio.

Nota

Jorge M. Blanco Ballón

## Aplicación do Programa PRODER II por parte da Asociación GAL Terra das Mariñas. Algunhas leccións aprendidas

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumo** A presente comunicación iníciase coa contextualización do territorio onde está traballando o Grupo de Acción Local (GAL) Terra das Mariñas, para a continuación repasar as liñas estratéxicas iniciadas polo Grupo. Revisase a tipoloxía de proxectos auxiliados desde o Programa PRODER II, para finalmente reflexionar sobre o valor engadido que aporta ao territorio, así como algunhas ideas para mellorar a súa actuación e impactos de cara á futura programación.

**Palabras clave** Desenvolvemento rural · áreas metropolitanas · Coruña · PRODER · impactos

**Abstrat** In this presentation, we contextualize the territory where the Local Action Group (LAG) *Terra das Mariñas* is working, and we review the strategies developed by the group as well as the types of projects supported by the PRODER II programme. Finally, we reflect on the added value that this programme contributes to the territory and on some ideas aimed at improving the action and impact of the programme for future planning.

**Key words** Rural development · metropolitan areas · Coruña · PRODER · impacts

### Descrición do territorio de actuación do "Terra das Mariñas"

O Programa PRODER II xestionado pola Asociación Terra das Mariñas ten como ámbito de intervención a Comarca da Coruña (coa excepción do concello de A Coruña), sendo por tanto oito os municipios implicados: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.

Representa unha superficie aproximada de 435 km<sup>2</sup>, e unha poboación duns 120.820 habitantes, o que implica unha densidade de poboación media de 278 habitantes/Km<sup>2</sup>.

Esta densidade media pode resultar enganosa, pois existen parroquias (as máis próximas á cidade da Coruña cunha densidade de poboación que sobrepasa os 1.500 habitantes por quilómetro cadrado, fronte a outras que non chegan aos 65 hab./Km<sup>2</sup>.

A comarca comparte a dinámica poboacional do Eixo Atlántico, con concellos que medran todos eles en número de habitantes, aínda que con diferencias internas importantes.

A ocupación por sectores mostra un 4% de ocupados no sector primario, fronte a un 33,2 % no sector secundario e un 62,8 % ocupado nos servizos. Respecto á taxa de paro, ronda o 12 % (5 % en homes e 7 % en mulleres). Pode sinalarse como necesidade que está estrangulando o crecemento a dispoñibilidade de para actividades empresariais, abríndose como oportunidade para a creación de emprego o futuro Porto Exterior radicado no municipio de Arteixo.

Respecto do medio físico, existen catro espazos incluídos na Rede Natura (parte de Costa da Morte e do complexo fluvial Mandeo-Mero, así como o Encoro de Abegondo-Cecebre, que provee de auga potable a gran parte da comarca e a cidade da Coruña, así como a Costa de Dexo, onde se atopa o Xeixo branco, declarado monumento natural). Esta superficie protexida abarca un total de once quilómetros cadrados (que representa o 2,5 % do total do territorio).

Así mesmo existen outra serie de espazos con menor nivel de protección, como o Monte Xalo ou Monte Castelo (únicos Montes veciñais en Man Común da comarca).

## O Grupo de acción local “Terra das Mariñas”

O Grupo de Acción Local Terra das Mariñas constitúese como asociación sen ánimo de lucro a mediados do ano 2002, cuns vinte socios fundadores, dos que oito deles son as entidades locais. Na actualidade ronda os cuarenta socios, tras ter sido incorporado novo tecido asociativo.

Os socios organizanse en cinco mesas sectoriais, elexindo cada mesa o seu representante/s en Xunta directiva. As mesas son as seguintes: Mesa do sector primario e produtos locais; Mesa do sector turístico; Mesa do sector empresarial e asociacións de empresarios; Mesa do medio ambiente e asociacións recreativas, culturais e veciñais; Mesa da artesanía, mulleres e xóvenes.

A finais do ano 2002, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), resolve a concesión dos Programa PRODER II e AGADER, resultando o GAL Terra das Mariñas beneficiario dun Programa PRODER II. Este programa que se vai aplicar ata finais do ano 2006, ten unha dotación de fondos públicos de seis millóns de euros (FEOGA, Ministerio Agricultura, AGADER e administracións locais), pretendendo mobilizar tres millóns de euros de fondos provenientes da iniciativa privada.

## A Estratexia de desenvolvemento rural

O proceso de identificación da estratexia de desenvolvemento previo á concesión do Programa PRODER II, desenvolveuse nun período moi curto de tempo, polo que o documento de partida eran una serie de iniciativas que se tiñan recollido, así como algún sector de interese co que traballar, non conseguindo ter iniciada algunha dinámica de traballo con colectivos concretos. Sinalar asimesmo, que o inicio do programa coincidiu coa renovación dos representantes públicos municipais, polo que a súa posterior incorporación ao GAL produxo tamén certa ralentización no funcionamento.

A medoloxía de traballo dos programas de desenvolvemento rural baseados no enfoque LEADER é complexa e moitas veces difícil de explicar e de poñer en marcha, polo que o programa ten padecido este retraso inicial ata hoxe en día.

A estratexia de desenvolvemento posta en marcha pode resumirse en estes catro eixos: 1) Apoio ás actividades propias do medio rural (producción agropecuario e agroindustria); 2) Apoio ás iniciativas relacionadas coa mellora do entorno e o medio ambiente; 3) Apoio ás actividades turísticas ligadas ao medio rural e 4) Apoio ás iniciativas que redunden na mellora da calidade de vida e dos servizos á poboación, así como na modernización dos sectores produtivos locais.

## Desenvolvemento e aplicación do programa

Os proxectos englobables dentro do Programa PRODER II poden clasificarse en dous grandes grupos: os produtivos, que están promovidos xeralmente por sociedades ou persoas físicas, e buscan desenvolver unha actividade

económica e xerar beneficios, e por outra banda están os non-productivos, que son proxectos xeralmente promovidos por entidades sen ánimo de lucro ou entidades locais.

Proxectos produtivos apoiados dentro do Programa PRODER II

Na táboa seguinte se recolle a evolución dos proxectos presentados desde o inicio do Programa ata xuño de 2006.

AÑO	2003	2004	2005	2006
Nº proxectos	8	17	35	22
Inversión (€.)	300.000	700.000	2.000.000	1.250.000
Emp. creados (acumulado)	12	23	41	50

A continuación se recolle un resumo da tipoloxía de proxectos aprobados dentro do Programa PRODER II:

Empresas transformadoras (madeira, etc.)	28 %
Turismo (alox., restaur., servizos)	26 %
Recuperación patrimonio edificado e medio ambiental	18 %
Artesanía (venta, produc.madera)	9 %
Servizos poboación (centro día, vivenda comunitaria, etc.)	9 %
Estudios: diagnose e plans acción. (queixo, horta, pan, turismo)	10 %

## Proxectos non-productivos

Nesta clasificación atópanse os proxectos que non buscan ánimo de lucro, senón unha mellora da “infraestrutura” ou do coñecemento, ou desenvolver tecido empresarial animando á cooperación, para permitir unha posterior posta en valor de determinado recurso, englobándose dentro deste ámbito os proxectos promovidos polas entidades locais e polo propio GAL Terra das Mariñas.

O GAL ten sido promotor de diversos proxectos non-productivos, sendo ésta a forma de visualizar a aposta polos sectores estratéxicos do territorio:

- Deseño dun Plan de desenvolvemento turístico para toda a comarca, así como o desenvolvemento de determinadas actuacións promocionais relacionadas co turismo (edición de material promocional, asistencia a feiras, etc.)
- Estudio para o desenvolvemento das producións agrarias comarcais (horta, pan de Carral e viveiros produtores de planta ornamental)
- Estudio para a posta en valor das producións de queixo na comarca
- Posta en marcha dunha rede restaurantes de comercialización dos produtos locais

Asimesmo, desde a Asociación Terra das Mariñas se está apoiando o proceso de modernización da área amparada como Viño da Terra de Betanzos, a través dun *Proxecto*

*Innovador* de AGADER, conducente a mellorar a calidade dos viños, a que se recoñezan as variedades autóctonas, únicas en Galicia, e a estudar unha futura ampliación do territorio.

## **O valor engadido do enfoque de traballo dentro dos GAL**

A continuación se recollen unha serie de ideas polas que o autor pensa que o modelo de desenvolvemento dos GALs (comarcal e de abaixo-arriba), aporta novas respostas á resolución de problemas e a facer máis eficaces os esforzos de avanzar no desenvolvemento integral de Galicia e na súa vertebración comarcal.

- Os programas de desenvolvemento rural nacen cunha visión supralocal (comarcal) para afrontar os procesos de desenvolvemento, o que permite integrar novos axentes e actores neste proceso, permite interconectar sectores aparentemente alonxados, permite acadar economías de escala na aplicación de recursos; permite integrar o traballo en rede con outros axentes (Axencias desenvolvemento local, Técnicos locais emprego, etc.), e por último permite a introdución do GAL en determinados foros, moitas veces “pechados” para estruturas locais.
- Os programas de desenvolvemento rural permiten diseñar estratexias específicas para especificidades produtivas comarcais, así como animar estos procesos que doutra forma quedarían parados por falta de técnicos ou liderazgo local.
- Os GALs permiten reforzar as capacidades dos municipios (técnicas, políticas), así como contribuir á resolución de problemas “enquistados” no local.
- A proximidade a promotores/as permite un mellor coñecemento destes, das súas capacidades e necesidades, e en definitiva de aportar solucións. Os aspectos afectivos cobran tamén importancia dentro das múltiples dificultades que afrontan os emprendedores/as durante a posta en marcha das súas iniciativas.
- O feito de sentarse á mesma mesa axentes públicos e privados permite unha rápida resolución de problemas.
- Os GAL son tamén estruturas pequenas e “elásticas”, que permiten abordar solucións imaxinativas de xestión interna e interrelacións cos diferentes proxectos. Sinalar que existe un elevado risco de caer no “voluntarismo”, en certa medida implícito no noso traballo (extensión das xornadas laborais para adaptarse ás necesidades dos promotores/as; adecuacións horarios reunións, etc.).
- No caso concreto de Terra das Mariñas a posta en marcha de determinados proxectos ten permitido captar novos fondos (efecto palanca) para o territorio, así como dar pé o xurdimento de novos programas de mellora (Axenda 21, Plan dinamización turística).

## **Algunhas leccións aprendidas da aplicación do programa e necesidades para o futuro**

Unha das razóns da lentitude da posta en marcha do programa ten sido que o desenvolvemento rural está máis ligado ao concepto de proceso (de introducir novas variábeis nunha situación estancada para provocar “que pase algo”), que ao concepto de proxecto (limitado no tempo, programable e parametrizable). Isto é resultado do traballo coa “materia prima” coa que traballan os GAL, as persoas e os grupos sociais, o implica que antes de calqueira actuación que xurda coa idea de ser perdurável, haberá que considerar variábeis como a confianza das persoas coas que se quere traballar, confianza tanto no Programa, no GAL como no seu equipo técnico.

Outro dos elementos clave é dispoñer dunha rede de intercambio de información, tanto formal como informal, con outros GALs, con Agader, coas diferentes consellerías (Medio rural, Medio ambiente, etc.), coas empresas prestadoras de servizos, etc., que servirán para resolver problemas, para poder prestar asesoramento a promotores máis alá da estricta tramitación dunha axuda ou de transmisión de información, para coñecer a seriedade destes promotores/as, ou para que os proxectos que promova o GAL ou outra entidade encaixen ou complementen calqueira outra actuación pública superior.

Necesidade de maior ambición por parte dos GALs e dos programas, buscando constituírse en verdadeiras Axencias de desenvolvemento comarcal en todo o seu sentido, con mellores dotacións de persoal técnico e programas máis ambiciosos, buscando un impacto maior na economía da súa comarca e o liderazgo do proceso de mellora e proxección económica. Será clave para isto mellorar a capacidade técnica, organizativa e de xestión das persoas encargadas da xerencia destes programas, e ser conscientes de que en moitos casos e con pequenas iniciativas, estase contribuíndo a modernizar o país e as súas estruturas.

De cara á aplicación dos novos programas sería interesante mellorar a diagnose inicial ou punto de partida de cada territorio, obrigando a definir unha estratexia concreta e avaliable, de xeito que os programas non remanten transformándose nun agregado de pequenos proxectos.

Se considera unha asignatura pendente o “empoderamento” dos GALs como vertebradores da estratexia de desenvolvemento rural fronte á sociedade civil e fronte a outras institucións ou entidades públicas xestoras de fondos, de feito que teñen que chegar a converterse na referencia de calqueira política que se pretenda poñer en marcha de xeito coordinado por varias entidades locais.

Sinalar por último o papel destacado que deben xogar os GALs como verdadeiros “animadores” do proceso de desenvolvemento, intevíñendo activamente nos procesos e servindo de ponte nesta vindeira programación entre as necesidades de innovación dun territorio e das súas empresas, e os centros e prestadores de servizos tecnolóxicos.

## Nota

Francisco Rozados Rivas

# A práctica cotiá do LEADER +

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumo** Neste documento ponse de manifesto como se pon en marcha unha iniciativa Leader nunha zona do interior de Galicia caracterizada pola importancia do monte e do sector forestal. O traballo adica especial importancia a xestión diaria que se leva a cabo polos xerentes para a posta en marcha das iniciativas que xurden no seu ámbito de traballo. Na primeira parte do traballo, o autor destaca a labor de divulgación que levan a cabo e que sen embargo non se pon de manifesto na capacidade emprendedora da poboación local. Na segunda parte, amósase os diferentes trámites polos que teñen que pasar os proxectos incorporando información relativa as características inherentes en cada unha das fases. Na última parte amósanse exemplos de iniciativas postas en marcha na zona e das dificultades para a posta en marcha das mesmas.

**Palabras clave** Iniciativa de acción local · trámites burocráticos · dificultades de comunicación · proxectos singulares

**Abstract** This document explains how a Leader initiative is implemented in an area of the interior of Galicia characterized by the relevance of forests and of the forestry sector. The work focuses particularly on daily management operations carried out by managers in order to set in motion the initiatives that arise in their field of action. In the first part of the paper, the author stresses that their diffusion efforts are not reflected in the entrepreneurship of local population. The second part of the paper addresses the different

bureaucratic procedures required. In such procedures, each project must provide information about the characteristics of every stage of the project. The last part of the paper provides examples of initiatives that have been implemented in the area and of the difficulties arisen during the implementation process.

**Key words** Local Action Initiative · Bureaucratic Procedures · Communication Problems · Singular Projects

Como todos sabedes, o Leader é un programa que se caracteriza por unha análise de cada comarca desde o punto de vista da súa realidade e das potencialidades con que conta esa comarca. Tamén se caracteriza por atender aquelas necesidades que nacen directamente da poboación rural a través dos seus axentes, das súas organizacións e institucións. Se hai algo que o distingue doutros programas e iniciativas é, precisamente, a ligazón coa poboación e a súa participación no chamado grupo de acción local, a través dunhas canles que son as asembleas xerais e que se organizan, ademais, en mesas sectoriais, onde están representados tódolos sectores productivos e non productivos. Estas características definen o perfil dun programa que se xestiona desde dentro da Comarca e cara adentro da Comarca. Os beneficiarios non son meros receptores pasivos das axudas do Grupo, senón que son parte integrada do propio grupo, verdadeiros protagonistas da acción. Este carácter fai que o grupo sexa o verdadeiro xestor, o verdadeiro actor do programa e por eso a responsabilidade dos resultados recae no mesmo grupo. Isto poderíase definir cun dos principios activos do Leader, que é o enfoque de abaixo a riba.

---

Francisco Rozados Rivas  
Leader + Montes  
Tfno. e Fax: 986 75 50 47  
e-mail: leadermontes@terra.es

Ben, ata aquí, todo moi bonito e marabilloso, pero esto hai que adaptalo á práctica cotiá e, valga a redundancia, ó desenvolvemento do proceso de desenvolvemento. E, na práctica, ¿que é o que nos atopamos os xerentes e os equipos de xestión do Leader, e doutros programas de desenvolvemento, como o Proder ou o Agader? Pois atopamos "profanidade". Nós, tanto o equipo de xestión coma a Xunta Directiva do Grupo de Acción Local, facemos,

como tamén saberedes, un plan de xestión e un plan de divulgación do Leader polos distintos territorios municipais que constitúen a área de acción do programa. É dicir, imos ós concellos e ás fundacións, a asociacións que o reclamen (evidentemente, e por unha cuestión de tempo e de organización, no podemos ir a todas –no noso territorio son máis de duascentas, e nalgúns son aínda máis–, pero imos alí onde nos chaman e teñen interese porque os seus asociados estean informados sobre o programa), editamos material de información e divulgación, sinalamos o territorio a través de paneis informativos, colgamos información nos taboleiros dos concellos, editamos páxinas webs, informamos ós medios de comunicación, colaboramos coas revistas de difusión do Leader, en definitiva, promovemos o programa dentro do territorio. Pero eu creo que todo isto, todas estas actividades de divulgación e promoción, non teñen o eco que deberían de ter. E eso, ó final, ten como consecuencia que, agás certas excepcións, ninguén saiba realmente en que consiste o programa de desenvolvemento e as súas consecuencias para o territorio que representa. ¿Por que digo isto de maneira tan taxativa? Porque o certo é que, no contacto cos potenciais promotores e cos que veñen solicitar información para un posible proxecto, unha grande maioría só buscan e só pretenden a axuda, non lles importa un ápice o que o seu proxecto poida aportar ó desenvolvemento global do territorio. Nesto, poderíamos citar aquela frase de John Fitzgerald Kennedy, cando lles inquiría ós americanos: “Non penses o que América pode facer por ti, senón que podes facer ti por América”. Pois ben, aquí ninguén pensa que poder facer polo Leader, senón que pode facer o Leader por el, cuestión lexítima pero incompleta, claro. Por eso, coido que unha das funcións do equipo de xestión, e moi concretamente do xerente, é precisamente facerlle ver ó potencial promotor que forma parte dun todo, que o seu proxecto non é o único e que ha de estar integrado nunha conxuntura máis ampla que desenvolve o territorio. Creo que se trata dun “quid pro quo” enriquecedor en ámbolos sentidos: o promotor aporta a súa iniciativa, o seu proxecto, ó programa, e o programa incentiva ós promotores en forma de axudas para que aporten esa iniciativa, ese proxecto ó global do Leader ou do Proder.

Tamén supoño que sabedes os distintos pasos para que un determinado proxecto pase a formar parte do programa e perciba a súa subvención, pero non estaría demais repasalos:

En primeiro lugar, e trala intención dun solicitante de acollerse ó programa, hai un proceso de criba, isto é, unha preselección de posibles promotores, a través dun cuestionario que incide sobre as intencións, o tipo de investimento e as posibilidades de financiamento, entre outros factores. Isto quere dicir que, se un potencial promotor quere montar unha granxa, pois xa non podería acollerse ó Leader, por exemplo, porque o Leader non financia o sector primario. Se o proxecto que tenta presentar si entra dentro das directrices Leader, pero obsérvase que a súa capacidade de endebedamento para facer fronte ós fondos propios que tería que aportar é nula, evidentemente tampouco podería pasar esa criba. Con isto quero dicir que hai que mirar moito antes de facer a solicitude con quen se

atopa un, porque hai aventureiros que cren que isto é percibir unha axuda e nada máis, e nada máis lonxe que eso dun proxecto que ten que gardar unha serie de compromisos e cumprir unha serie de requisitos.

Se o promotor pasa esa criba primeira e necesaria, establecece unha baremación, que determinará, se resultase elixible, a porcentaxe de subvención que percibiría o seu proxecto. Nós temos un mínimo do 20 % e un máximo do 40 % para as accións productivas, e para as non productivas ata o 100 % da acción. Supoño que xa sabedes a diferenza entre estes dous tipos de acción e a quen van dirixidas cada cal.

Un segundo paso da tramitación xa oficial sería a elaboración dunha solicitude de Informe de Subvencionabilidade a AGADER, no que se verifica cada un dos datos sobre o promotor e o seu proxecto. Analízanse as súas características, encádrase na medida en que vai ir incluído se fose aprobado, obsérvanse os indicadores físicos e económicos, o seu matiz innovador, o seu carácter piloto, a súa transferibilidade, a creación de emprego, etc.

Estes documentos, alomenos no noso caso, son elaborados polo equipo técnico, e lévanse despois á Xunta Directiva para que manifieste a súa aprobación antes de seren enviados a AGADER.

Despois de seren enviados a AGADER e se a axencia expresa a súa elixibilidade, isto comunícase de novo á Xunta Directiva para que aprobe definitivamente o proxecto e se lle comunique ó promotor, que ten que conceder a súa aceptación.

Asínase entón un contrato de axuda entre o Grupo de Acción Local e o promotor, que terá un tempo de ano e medio para levar a cabo o seu investimento e cumprir tódolos requisitos que se lle esixen para que poida percibir a axuda.

Segue un período no que o promotor pon en marcha o seu proxecto e o grupo establece un control e un seguimento. Poderá haber certificacións parciais ou unha sóa única e final na que se xustifiquen técnica e economicamente o gasto que orixina o proxecto.

Finalmente, e alomenos por un período de cinco anos a partir do remate do proxecto, seguirá habendo controis e seguimento desa determinada acción para que siga cumprindo eses requisitos que lle garantiron a axuda.

Podemos falar da parte esencial, é dicir, cando entra en xogo a prospección ou a detección de promotores que teñan proxectos axustados ás directrices Leader, porque eso dependerá dos territorios. Por exemplo, nun territorio rural, pero máis ou menos próximo a un contorno urbano, será menos difícil atopar un promotor cun proxecto innovador que no territorio rural do interior como é o que desenvolve o Leader + Montes. No noso caso, o eixo federador é a valorización dos recursos locais sobre o espazo homoxeneizador que é o monte, a través do seu triple uso, a saber: o uso produtivo ou económico, o uso social e o uso ecolóxico ou conservacionista.

Sempre aparece algún proxecto que se sae da norma e que, por eso mesmo, debe ser contemplado con certa simpatía. Por exemplo, nós detectamos un que pretendía reciclar biomasa forestal, desde unha experiencia previa traída pola empresa matriz desde Portugal. Trátase de Leal y Soares S.L., que se instalou no concello da Estrada e que foi un dos primeiros en propoñer unha boa opción, sempre pensando en que este concello é o centro do moble de Galicia, polo tanto ten que haber abundancia de aserradoiros e fábricas que se desfagan de sobrantes de cortezas, e tamén pensando en que, nas terras da redonda, hai moitos montes e moitos bosques de onde poden tirar as cantidades que precisan para facer viable o seu negocio de reciclaxe.

Outro proxecto que xurdiu xa nos primeiros meses do programa foi unha fábrica que rexentaban catro irmáns, e que era unha comunidade de bens que houbo que pasar a Sociedade Limitada (naquel momento as comunidades de bens non eran subvencionables, agora si o son). Traballaban o vidro de xeito artesanal, en diversas modalidades que ían desde parabrisas para iates (naquel intre eran a única firma que os facía en España) ata cinceiros artísticos e xoias de cristal, e tamén lavabos e accesorios de baño. Traballaban para Zara e son os encargados de facer os escaparates desta firma para todo o mundo (sabedes que Zara abre dúas ou tres novas tendas en algún recanto do mundo cada día). Tiñan un pequeno problema de produción, e era que, traballando artesanalmente só podían facer por exemplo a curvatura de vidro laminado en fornos que manexaban manualmente e calculando máis ou menos a vulto. Subvencionámoslles un autoclave para permitirles que ese proceso fose o máis científico e exacto posible, e deste xeito, con pouco

investimento, acadaron un enorme adianto e unha enorme mellora na súa capacidade competitiva, ademais de xerar novo emprego.

Citarei tamén un proxecto no que aínda estamos a traballar agora para pór en marcha, que é unha proposta de tenda-exposición de produtos artesáns e artísticos da zona e, a un tempo, central de reservas turísticas. Chámase Elite Rural e o promotor xa tiña outros proxectos en marcha relacionados tanto co turismo coma co artesanato: ten unha casa rural e unha cerería tradicional, cun lagar de cera do século XVII moi interesante e catalogado por Patrimonio. A partir desa experiencia, xurdiu esta actual.

Paréceme tamén interesante un proxecto non produtivo que se nos presentou recentemente, e que está en AGADER para o trámite de subvencionabilidade, que é un observatorio astronómico de importante nivel, promovido pola Asociación de Astrónomos Rías Baixas. Tería o segundo maior telescopio de España e ofrecería os seus servizos a toda Galicia.

Hai outros proxectos tamén de certa relevancia pero que non temos espazo para comentar, coma unha vivenda comunitaria con oito prazas para a terceira idade, un proxecto non produtivo de recuperación de solos contaminados, en concordancia co uso conservacionista ou ecolóxico ó que antes nos referíamos; unha cooperativa téxtil que xerou en torno ós catorce postos de traballo; unha empresa que se dedica a analizar os riscos laborais; a recuperación dunha carballeira centenaria; ou unha proposta de estudo de cultivos experimentais e creación de centro de estudos medioambientais, por parte da Fundación Galicia Verde, por poñer varios exemplos.

## Nota

Francisco Javier Pérez Novo

# A experiencia da Asociación Eo-Rodil

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumo** A presentación relata os acontecementos que levarán a asociación Eo-Rodil dende a súa constitución ata a actualidade, especificamente en canto os Programas LEADER II, que rematou no ano 2002, e o Programa AGADER que mantéñese na actualidade.

**Palabras chave** Desenvolvemento Rural · Programa LEADER · Programa AGADER

**Abstract** This presentation summarizes the activities developed by Eo-Rodil Association from its establishment until present, particularly in regard to the Leader Programme II, finished in the year 2002, and the AGADER programme, which is still in operation.

**Key words** Rural Development · LEADER Programme · AGADER Programme

O ámbito de actuación do programa de desenvolvemento rural Agader da Asociación Eo-Rodil son os seguintes 5 concellos: A Fonsagrada, Baleira, Negueira de Muñiz, A Pontenova e Ribeira de Piquín, os cais, según datos do ano 2005, contan cunha poboación de 10756 habitantes, continuando a tendencia descendente incluso no período que abrangue dende o ano 2000, no que había 11907 habitantes.

Nos concellos da Fonsagrada, Baleira e Negueira de Muñiz aplicouse a anterior Iniciativa Comunitaria Leader II, rematando os seus investimentos no ano 2001.

O programa Agader que xestionamos comezou a recibir solicitudes en marzo de 2003 e ata o momento actual rexistráronse un total de 102 solicitudes de axuda, sendo aprobados 69 proxectos, 38 xa rematados e 19 desistiron ou foron rexeitados por non cumprir as condicións establecidas no programa, algúns deles por non ser proxectos innovadores. Actualmente está comprometida a práctica totalidade dos fondos asignados ás distintas medidas do programa, que conta cun montante total de investimento de 10.300.000 euros aproximadamente.

O nivel de impacto no emprego é o seguinte: foron creados 9 postos de traballo e consolidados 65.

Os proxectos productivos, que teñen como obxectivo a xeración de ingresos mediante a valorización do patrimonio natural e cultural e a mellora do entorno económico, a fin de contribuir á creación de emprego, son 70 dos totais presentados, e os non productivos foron 32, sobre todo relacionados coa restauración do patrimonio histórico artístico.

A principal traba para o comezo e realización total do proxecto estriba na obtención das licenzas necesarias, que precisan dun longo e complicado proceso, non exento de diferentes interpretacións entre o informe urbanístico previamente presentado co proxecto e a realidade posterior para a súa obtención. Tamén destaca o complicado entramado burocrático ao que se enfrentan os promotores. Así, a súa complexidade e a necesidade casi na totalidade dos casos de conceder a subvención para levar a cabo o proxecto, implica cos promotores agardan a recibir a resolución de concesión da mesma para encargar o proxecto de execución das obras e a solicitude de licenza, o que demora posteriormente a tramitación da mesma.

Os proxectos deste programa inciden maiormente sobre a consolidación do emprego existente, xa que en moitos casos se trata de proxectos de modernización ou ampliación de empresas xa existentes, que incorporan nova maquinaria na maioría dos casos, e en moita menor medida se trata de creación de novas empresas, que obrigatoriamente deben de crear a lo menos un posto de traballo.



Os exemplos de máis éxito ubícanse nos concellos que xa contaron cun programa de desenvolvemento, nos que a poboación xa ten experiencia previa. É no concello da Fonsagrada onde se concentra a maioría da iniciativa privada, téndose creado novos aloxamentos turísticos. Os principais problemas nestes casos, aparte dos sinalados anteriormente, radican na obtención de financiación para poder realizalos.

Un dos proxectos de casa de turismo rural que se realizou está promovido por unha persoa que ten unha explotación gandeira ubicada no límite con Asturias, contando coa influencia positiva dunha zona turística como son os Oscos. Ao éxito deste proxecto, que xa leva máis dun ano funcionando, colaborou tamén, ademáis de que se realizou unha magnífica restauración dunha casa enxebre galega, o feito de que para o promotor é unha actividade complementaria, combinando as súas labores gandeiras coa atención ao establecemento turístico. Actualmente está

a recibir clientes de diversas zonas, que son a mellor fonte de promoción da comarca, xa que casi na totalidade manifestan a súa satisfacción cos servizos recibidos. Como noutros casos, o turismo non está desestacionalizado, concentrándose a maior afluencia nos meses de xullo e agosto, ademáis dos fins de semana e festivos. Sinalar que sería interesante a creación de actividades complementarias para que esto non aconteza.

Un dos casos de fracaso, aparte das denegacións por diversos motivos, é un proxecto de prestación de servizos forestais, estando máis relacionado con cuestións persoais dos promotores, que formaban unha cooperativa, que noutros factores. Así, a obtención doutro posto de traballo por conta allea, foi a principal razón para non facer fronte aos investimentos previstos, e levar a diante unha empresa que, como todas, conleva un certo risco ao depender do mercado.

## Relatorio

Manuel Francisco Marey Pérez

# La evolución del uso del territorio en Galicia

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumen** En el territorio gallego (NO de España) nos encontramos con un paisaje netamente forestal, comparable al de otros países europeos de amplia tradición forestal. Este aspecto se corrobora con los datos aportados por las actuales estadísticas forestales, que indican que las dos terceras partes del territorio gallego es forestal, siendo el 50% de esta superficie, arbolada y aportando la mitad de la madera cortada anualmente en España. Esta situación es el resultado de profundos cambios acaecidos en el medio rural gallego a lo largo de los últimos 50 años, las actuales superficies forestales albergaban entonces extensos campos de cereal y pasto para diferentes tipos de cabañas ganaderas. Se analizan las transformaciones acaecidas a lo largo de los siglos XIX y XX determinando las claves que han originado la desaparición del aprovechamiento agroganadero del monte, relacionado con aspectos socioeconómicos, y el surgimiento de la actividad forestal como consecuencia directa de la crisis de los anteriores sectores, más que como una apuesta decidida por ésta para la dinamización económica del medio rural. Se lleva a cabo un trabajo prospectivo en el que se apuntan las líneas estratégicas que la actividad forestal en Galicia debe seguir para asentarse definitivamente como actividad económica eficiente.

**Palabras clave** Dinámica social · gestión forestal · planificación forestal · sistema agrario tradicional · usos tradicionales

---

Manuel Francisco Marey Pérez  
Departamento de Ingeniería Agroforestal  
Universidade de Santiago de Compostela  
Campus Universitario s/n 27002 Lugo  
Tfno: 982 22 33 25 ext. 23248. Fáy: 982 28 59 26  
e-mail: marey@lugo.usc.es

**Abstract** In the Galician territory (NW of Spain) we were with a forest, net comparable landscape to the one of other European countries of ample forest tradition. This aspect is corroborated with the data contributed by the present forest statistics, that they indicate that the two third parts of the Galician territory are forest, being 50% of this surface, hoisted and contributing half of the wood cut annually in Spain. This situation is the result of deep changes happened in Galician rural means throughout last the 50 years, the present forest surfaces lodged then extensive fields of cereal and grass for different types from cattle cabins. The transformations happened throughout centuries XIX and XX are analyzed more determining the keys that have originated the disappearance of the agricultural advantage of the mount, related to socioeconomic aspects, and the sprouting of the forest activity like direct consequence of the crisis of the previous sectors, than like a bet decided by this one for the economic to vitalize of rural means. A prospecting work is carried out in which the strategic lines score that the forest activity in Galicia must follow to be based definitively like efficient economic activity.

**Key words** Social dynamics · forest management · forest planning · traditional agrarian system · traditional uses

---

## Introducción

Galicia, región española situada al Noroeste de la Península Ibérica, presenta en la actualidad una superficie forestal que representa el 69,4 % de su extensión total y de la que un 50 % es terreno arbolado (III IFN, 1998). En términos comparativos, es la región española más densamente arbolada, constituyendo el monte gallego un 8 % de las masas arbóreas del país (III IFN, 1998). Dentro del contexto comunitario, tan sólo Suecia y Finlandia sobrepasan el porcentaje de superficie forestal de esta comunidad española (UNECE/ FAO, 2000). El indicador estadístico, ratio de superficie arbolada por habitante, de valor 0,51 ha en Galicia, sitúa a esta región a la altura de los recursos forestales propios de ciertas regiones centroeuropeas, como Alemania o Austria (UNE Analizando como se

distribuye los usos forestales sobre el territorio Lage (2003) expone que uno de cada tres gallegos es propietario de monte, bien a título individual o como vecino comunero de una comunidad propietaria.

Las cifras anteriores, junto con otros valores aportados por los inventarios forestales nacionales, muestran la gran capacidad productiva forestal de Galicia. Sin embargo, un análisis pormenorizado de la historia forestal de esta región manifiesta fuertes carencias en relación a su gestión y planificación, especialmente en lo referente a la utilización de técnicas culturales con objetivos económicos. La génesis de esta situación se encuentra en la evolución experimentada en el medio rural gallego a lo largo de los últimos 60 años, período en el que las condiciones estructurales y socioeconómicas del entramado rural han variado sustancialmente. La emigración masiva de la población gallega en el tiempo, el intervencionismo Estatal en la ordenación de los usos del suelo y la adhesión de España a la Unión Europea en 1986, conforman los ejes de cambio en el medio rural de la región.

La literatura reciente evidencia esta misma situación en el resto de Europa; el espacio rural pierde población y empleo de forma preocupante (Bízik et al., 2001; Terluin, 2003). Pero este tipo de territorio, además de transformaciones socioeconómicas, ha experimentado continuas variaciones en la estructura del territorio (Paquette y Domon, 2003), donde el paisaje rural es una huella social continuamente modelada. En este sentido, los paisajes rurales tradicionales, patrimonio histórico y cultural que atiende a las características socioculturales propias de cada región (Pinto- Correia, 2001; Barlow y Cocklin, 2003), han sido alterados y adaptados a la dinámica acontecida en los sistemas poblamiento, económico y político.

**Key words** agriculture · structural adjustment · agricultural productions

## Introducción

O obxectivo deste artigo é o estudo dos cambios na agricultura e no medio rural nas últimas décadas, adicando unha especial atención á súa evolución mais recente e á situación actual.

Francisco Sineiro García  
Escola Politécnica Superior. Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela  
Campus Universitario s/n 27002 Lugo  
Tífono: 982 22 33 25 ext. 23224. Fáx: 982 28 59 26  
e-mail: fsingar@lugo.usc.es

Para a agricultura se estudia a súa evolución nas últimas catro décadas, coincidindo o seu comezo coa serie de intensos cambios na economía e sociedade galegas que a van levar desde unha situación de atraso a un estado de relativo desenvolvemento e que para a agricultura vai supoñer o cambio desde o seu sistema de organización tradicional ata a unha maior integración no conxunto da economía.

O intenso éxodo rural que ocorre desde comezos dos sesenta provocado polas novas oportunidades de traballo noutros sectores de actividade altera as bases da agricultura tradicional. Ó mesmo tempo lle ofrece unhas oportunidades de cambio, tanto desde a demanda, polo incremento do consumo ocasionado pola mellora das rendas, como desde a oferta, pola dispoñibilidade de novos insumos industriais e das innovacións tecnolóxicas, que permiten incrementos importantes na capacidade traballo e nos rendementos.

Nas últimas dúas décadas o nivel de xeración de emprego noutras actividades é mais reducido, pero a poboación rural sigue baixando á par que ten un envellecemento progresivo derivado do elevado éxodo anterior. O consumo alimentario tamén queda estabilizado en volume para a maior parte dos produtos desde finais dos oitenta, polo que os incrementos no seu volume de gasto son moderados e dependentes sobre todo nunhas maiores esixencias no grado de elaboración, de calidade ou de seguridade, dado que a poboación ten tamén un débil incremento.

Os cambios levaron tamén a unha maior integración da agricultura no conxunto da economía. Hai unha nova organización productiva na que a produción agraria aporta materias primas, que son elaboradas pola industria nunha gama mais ampla de produtos, que son canalizados na súa maioría por grandes empresas de distribución e que en boa parte impoñen estratexias de carácter global nun comercio internacional progresivamente liberalizado.

Nestas catro décadas houbo tamén importantes cambios institucionais. O primeiro foi o da transición da dictadura á democracia na década dos setenta. O segundo, o novo



marco autonómico cunhas primeiras eleccións en 1981, con amplas competencias executivas e lexislativas. O terceiro foi a integración na Comunidade Económica Europea a mediados dos oitenta, cunha ampla proxección no sector agrario por ser a política comunitaria mais desenvolvida, e que o tempo introducía un maior nivel de intercambios comerciais de produtos agrarios e unha vía de financiación especial polos fondos estruturais.

En primeiro lugar se revisa a situación actual e as tendencias xerais rexistradas nas últimas catro décadas nas producións agrarias, nos ocupados e nas explotacións para centrarse despois na problemática do medio rural.

## Os resultados económicos da agricultura

O valor xerado pola produción agraria ascende a uns 1.407 millóns de euros, dando emprego a uns 113 mil ocupados. As súas industrias de transformacións aportan outros 988 millóns de VEB e uns 32 mil ocupados (Táboa 1).

	Valor Engadido Bruto	Ocupados
Producción agraria	1.406,7	113,0
Industria agroalimentaria	590,4	18,1
Industria madeira	397,2	13,6
Total complexo agroindustrial	2.394,3	144,8

**Táboa 1.-** Valor xerado e emprego da agricultura e as súas industrias de transformación (en millóns euros de miles de ocupados). Ano 2003. Fonte: IGE, contas económicas de Galicia

Nas últimas catro décadas o complexo agroindustrial, das actividades de produción e transformación dos produtos agrarios, perdeu unha parte importante do seu peso relativo na economía galega, tanto no valor xerado como no emprego, debido a un maior crecemento dos restantes sectores productivos e ós baixos resultados do propio sector agrario. Entre os anos 1959 a 2002 reduciu a súa contribución ó VEB galego desde un 22,8 ata un 6,5% e no emprego desde un 64 a un 13% (Táboa 2).

	Producción agraria	Industria agroalimentaria	Industria madeira	Total complexo agroindustrial
<b>VEB</b>				
1959	19,3	1,8	1,7	22,8
1979	9,6	2,9	1,3	13,8
2002	3,7	1,7	1,1	6,5
<b>Ocupados</b>				
1959	60,1	1,9	1,8	63,8
1979	41,1	1,7	1,8	44,7
2002	10,0	1,7	1,2	12,9

**Táboa 2.-** Valor xerado e emprego da agricultura e as súas industrias de transformación (en % s. total do valor engadido bruto e dos ocupados de Galicia, anos 1959, 1980 e 2002). Fonte: anos 1959 e 1979, BB Renda nacional e a súa distribución provincial; ano 2002, IGE, Contas económicas (\* Para os anos 1959 e 1979 está descontada a estimación das industrias do peixe e tabaco, pois o dato global da serie do Banco de Bilbao é das industrias de alimentación, bebidas e tabaco)


A redución foi especialmente intensa na produción agraria. O valor xerado quedou reducido a menos dunha quinta parte do que aportaba inicialmente á economía galega, mentras que as industrias agroalimentarias e da madeira tiveron unha lixeira redución nos últimos anos, despois de rexistrar unha certa expansión nas dúas primeiras décadas.

Esta forte redución do peso da actividade agraria é unha tendencia xeral no desenvolvemento económico pola forte expansión doutras actividades productivas. O factor diferencial de Galicia está no curto período no que se produce e no limitado desenvolvemento da súa industria de transformación, que noutros Países compensa parte desa perda de valor relativo ó superar en valor xerado ó sector agrario e a dar emprego a un volume equivalente á metade dos seus ocupados, mentras que en Galicia sitúase no ano 2002 nun 76 e nun 30% do valor xerado e do emprego do sector agrario. Este elevado volume dos cambios rexistrados en Galicia nestas catro décadas fóronse producindo de modo mais gradual nos Países fundadores da CEE (agás Italia) desde comezos do século XX. Polo tanto, este proceso pódese caracterizar no caso galego como dunha desagrarización atrasada e abrupta.

No ano 2000 o valor da produción agraria equivalía a 2,4 veces ó do ano 1959, tendo crecido a unha taxa anual dun 2,1%. O crecemento en termos do valor engadido quedou reducido casi á metade, cunha taxa anual do 1,1% debido ó elevado incremento rexistrado nos gastos, en especial das materias primas para a elaboración dos pensos e dos ligados á mecanización. O valor da capacidade de gasto dos agricultores, medida pola súa renda agraria deflactada polo índice xeral de prezos ó consumo, é mesmo un 9% inferior á inicial, debido sobre todo ó forte deterioro dos prezos agrarios e en menor medida á carga das amortizacións. Nembargantes, a renda por ocupado multiplica por 3,9 veces o valor de 1959 debido ó elevado descenso no seu número, tal como trataremos despois (Figura 1).

A agricultura galega tivo un comportamento inferior ó do conxunto de España. O crecemento acumulado no período de 1959 a 2000 foi un 15% inferior na produción e no valor xerado, ampliándose esta diferenza ata un 33% na renda.

Na análise do seu comportamento temporal se observa un período de crecemento de modo casi ininterrompido ata finais dos oitenta, tanto para a produción como para o valor xerado, que é seguido por outro de recesión ata mediados da década dos noventa e unha lixeira recuperación nos últimos anos, sendo o valor acumulado do VEB do ano 2000 uns 20 puntos porcentuais inferior ó do máximo acadado. A recesión da produción dos últimos anos é debida a non ser suficiente o incremento rexistrado no volume das producións para compensar o deterioro nos prezos reais dos produtos. A renda agraria creceu a un ritmo que mesmo foi algo superior ó do valor xerado ata finais dos setenta por ser o crecemento dos prezos agrarios superior ó do índice xeral, acadando un valor máximo que superaba nun 75% a renda agraria de 1959. Pola contra, situouse ben por debaixo desde comezos dos oitenta ó invertirse esta tendencia e ter os prezos agrarios unha evolución



**Figura 1.-** Evolución da produción final, valor engadido e renda agraria. Anos 1959-2000

considerablemente inferior e tamén polo maior peso das amortizacións e o reducido importe das subvencións. O seu valor descendeu primeiro de modo mais pausado ata finais dos oitenta e de modo mais brusco nos anos posteriores para situarse uns 90 puntos porcentuais do valor máximo acadado (figura 1).

Precisamente o peor comportamento da agricultura galega con respecto a española está na evolución dos últimos anos, pois podemos observar que ata finais dos oitenta o crecemento destas magnitudes foi algo superior en Galicia na maioría dos anos, para situarse despois entre un 10-15% por debaixo no valor xerado e nun 30% menos na renda agraria, sendo os factores responsables destas diferencias un maior incremento no volume das producións e das subvencións percibidas (da política agraria común) e un menor impacto das amortizacións.


A análise por subsectores permite observar que o crecemento do valor da produción estivo baseado na produción gandeira e forestal, aínda que a contribución desta última sexa mais reducida polo seu baixo peso relativo (Figura 2).

A produción agrícola tivo un crecemento moi limitado, sendo o seu valor no ano 2000 tan só un 27% superior ó de 1959. A produción gandeira creceu a ritmo elevado ata finais dos oitenta, cando o seu valor equivalía a 3,5 veces o do comezo do período, descendendo despois na década dos noventa, sendo o seu valor actual unhas 2,7 veces o de 1959. A produción forestal no ano 2000 supera en 4,3

vezes o seu valor inicial, cun crecemento sostido desde a metade dos setenta, que se incrementa de modo intenso desde mediados dos oitenta, aínda que na realidade este crecemento foi probablemente mais gradual por haber un cambio na súa estimación estatística (antes baseada nos permisos de cortas e posteriormente nos destinos da madeira, que casi duplican as producións).

Polo tanto, a recesión na produción agraria na década dos noventa é o resultado dunha forte redución na produción gandeira, que ten no ano 2000 un valor en prezos constantes pouco por riba do acadado a finais dos setenta. Esta recesión na gandería non é compensada nin polo maior crecemento da produción forestal, nin por unha lixeira recuperación das producións agrícolas.

Este factor diferencial no comportamento das producións gandeiras queda mais evidente ó comparar a súa evolución relativa có conxunto de España. A produción gandeira galega crece desde comezos dos noventa a un ritmo inferior nun 10-15% á española, cando con anterioridade, e especialmente na década dos oitenta, se mantivera por enriba. O maior crecemento da produción forestal galega, que mais que duplica á española, non pode compensar ese diferencial. A esta recesión no valor da produción gandeira hai que engadir o estancamento da produción agrícola que contrasta coa forte expansión destas producións en España, situándose a produción galega desde comezo dos oitenta no entorno do 50-60% do crecemento acadado por estas producións en España.



**Figura 2.-** Evolución da produción agraria por subsectores (agrícola, gandeiro e forestal). Anos 1959-2000

Como consecuencia destes diferentes ritmos de crecemento varía de modo importante a súa estrutura productiva. Actualmente as producións gandeiras conforman a base productiva da agricultura galega, aportando un 62% do valor da produción, sendo outro 22% da produción agrícola e o 13% restante da forestal. Esta estrutura difire considerablemente da existente na agricultura tradicional de finais dos cincuenta cando as producións agrícolas e gandeiras tiñan un peso similar aportando cada unha delas sobre un 45% da produción, e a produción forestal o 10% restante. A produción agrícola perdeu a metade do seu peso relativo inicial a favor sobre todo da especialización gandeira, que chegou a acadar un valor máximo dun 70% a mediados da década dos oitenta.

### As producións agrarias

Despois deste análise global interesa revisar a situación actual e a evolución das principais producións en termos físicos.

Galicia é a principal rexión productora no leite cuns 2.314 millóns de litros, aportando un 35% da produción española, pero ten unha posición secundaria nas carnes cunha produción conxunta dunhas 371 mil toneladas, que equivalen só a un 6,6% do total.

As producións gandeiras tiveron crecementos elevados nestas catro décadas, en especial nas aves, porcino, leite e carne de vacún. Nembargantes, tan só no leite e nas carne de aves foi superior este crecemento de Galicia ó do conxunto de España, que levou a aumentar o seu peso relativo nestas producións en casi 7 e 13 puntos respectivamente, mentras que os retrocesos no porcino e o vacún foron de casi 6 e 4 puntos (Táboa 3).

	vacún	porcino	aves	leite	ovos
<b>Producción</b>					
1959	26,4	21,7	5,3	583,6	27,3
1970	48,9	39,0	22,9	979,0	60,6
1980	54,8	78,3	74,7	1.432,1	106,8
1990	45,7	75,5	93,1	1.877,0	78,0
2002	93,6	107,4	152,5	2.314,1	59,9
<b>%GAL/ESP</b>					
1959	17,5	9,3	4,8	22,4	6,4
2002	13,8	3,5	11,4	35,0	5,6

**Táboa 3.-** Producción gandeiras e % s. España. (producción de carnes en miles de toneladas, leite en millóns de litros e ovos en millóns de ducias). Fonte: Anuarios Estadísticos MAPA e Consellería Agricultura

O leite e as aves teñen un maior crecemento que no conxunto de España durante as pasadas catro décadas, mentras que no porcino foise ampliando desde a metade dos oitenta a diferenza xa existente dun menor crecemento en Galicia desde un 20 ata un 60%. Entre os anos 1990 ó 2002 a produción de porcino tan só aumentou nunhas 32 mil toneladas en Galicia, mentras que en España tiña unha elevada expansión cun incremento dunhas 1.281 mil toneladas. O vacún, tivo un crecemento inferior nos oitenta

e ata mediados dos noventa, debido a reorientación de gran parte das explotacións ó leite a costa da produción de carne, mentras que nos últimos dez anos hai unha certa recuperación nesta produción. A produción de ovos, que tivera un maior crecemento en Galicia ata mediados dos oitenta, hai unha redución posterior de casi un 30%, mentras que en España aumentaba un 13% (Táboa 3).

Son pois eses menores crecementos no porcino e no vacún e a redución na produción de ovos os factores responsables de gran parte das diferencias entre as producións agrarias de Galicia e España desde finais dos oitenta en adiante.

	cereais	patacas	tomate	pemento	xudía verde
<b>producción</b>					
1962	549,2	1.221,3	8,3	6,8	1,8
1970	562,0	1.604,4	22,6	7,3	4,5
1980	553,1	1.703,0	25,7	12,1	8,7
1990	481,7	1.568,1	36,8	16,9	12,4
2002	169,1	514,3	23,6	14,8	23,4
<b>%G/E</b>					
1962	7,3	24,8	0,7	1,8	1,6
2002	0,9	16,7	0,6	1,4	9,0

**Táboa 4.-** Evolución da produción de cereais, patacas e algunhas hortalizas e % s. España. (producción en miles de toneladas e en %). Fonte: Anuarios Estadísticos MAPA e Consellería Agricultura

As producións dos cereais e das patacas, que eran os cultivos básicos na agricultura tradicional tiveron unha forte regresión, reducíndose a súa produción a un 31 e a un 42% da existente a comezos dos sesenta, perdendo sobre uns 7-8 puntos porcentuais en España.

As producións de horta só tiveron crecementos elevados nalgunhas especies como leituga, tomate, pemento e xudías, pero en todo caso inferiores ós destas mesmas especies en España, non sendo nas xudías, polo que perderon peso relativo (Táboa 4).

Tan só o viñedo tivo unha importante recuperación desde a metade dos oitenta por medio de revalorización dos viños e da súa produción acollida ás cinco denominacións de orixe, que agrupan un 30% da produción.

Galicia lidera a produción de madeira en España cuns 6,12 millóns de metros cúbicos, que equivale a un 39% do total. Algo mais da metade da produción (un 54%) é aportada polo eucalipto, outro 42% polos piñeiros e tan só un escaso 4% polas restantes especies. O principal destino é para trituración con madeira de pequeno diámetro, que absorbe unhas tres cuartas partes da produción (48% para pasta de papel e 23% para taboleiros), sendo tan só unha cuarta parte a madeira de rolla destinada para serra e chapas (Táboas 5 e 6).

A estrutura productiva ten cambiado notablemente na última década. A comezos dos noventa os piñeiros aportaban un 62% da produción, descendendo a súa contribución en 20 puntos porcentuais en beneficio do eucalipto, que levou tamén a cambios nos seus destinos,

	producción	%G/E
1962	1.020	18,5
1970	1.215	14,1
1980	1.727	14,5
1990	6.158	39,8
2003	6.121	39,2

**Táboa 5.-** Evolución da produción de madeira e %s. España. en miles de metros cúbicos con cortiza, e en (%). Fonte: Anuarios Estadísticos MAPA e Consellería Agrícola

cunha forte redución na madeira para serra e chapas, que descende do 44 ó 26%, que se incrementa sobre todo na madeira para pasta e en moita menor medida para taboleiros (Táboa 6).

producción	piñeiros	eucalipto	outras	total
1991	62,3	34,9	2,8	100,0
2002	42,2	54,2	3,6	100,0

destinos	serra e chapas	taboleiros	pasta	outras	total
1991	44,3	19,4	33,2	3,0	100,0
2002	26,0	22,5	48,0	3,5	100,0

**Táboa 6.-** Estructura da produción por especies e destinos da madeira (en %).Fonte: Anuarios Estadísticos Consellería Agrícola

A produción de madeira en Galicia é unhas 6 veces superior á de comezos dos anos sesenta, cun crecemento moi superior á do conxunto de España, que só a multiplica por 2,8 neste mesmo período. A maior parte do incremento rexístrase desde comezos dos oitenta en adiante, sendo probablemente moito mais regular que o rexistrado na estadísticas oficiais, por haber unha cambio na base de estimación da produción a finais dos oitenta que provoca un elevado aumento da produción, ó aflorar parte das infraestimacións anteriores.

## Os ocupados e as explotacións agrarias

No ano 2005 hai uns 95 mil ocupados na agricultura, que equivalen a un 8,4% do total de Galicia.

O emprego agrario tivo un descenso atrasado, pero moi brusco en Galicia. En 1959 había unhas 668 mil persoas, habendo quedado reducidas a menos da sexta parte na actualidade (un 14%). O ritmo de descenso acelerouse de modo brusco a partir de finais dos oitenta, de modo que si transcorriran 30 anos para quedar o seu número recortado á metade do existente en 1959, en tan só unha década, a dos noventa, o seu número recortouse á metade, quedando no 21% dos existentes en 1959. Este descenso, foi inicialmente mais suave que o rexistrado en España para acadar unha maior intensidade desde comezos dos noventa, de modo que o descenso global foi mesmo algo superior ó de España (Táboa 7).

Anos	miles	% s. Galicia
1959	667,9	60,1
1969	605,5	51,8
1979	485,6	41,4
1989	330,2	31,1
1999	139,3	13,2
2005	94,8	8,4

**Táboa 7.-** Ocupados agrarios en Galicia e España (en % s. ano 1959=100). Fonte: Banco Bilbao, Renda nacional de España e a súa distribución provincial; INE, enquisa poboación activa)

Este elevado descenso no número de ocupados nas últimas décadas levou a unha "desagrarización" da economía galega. En efecto, no transcurso dos últimos 25 anos a agricultura pasou de ser o principal sector de actividade a ocupar o último lugar, con só un 8,8% do emprego. A comezos dos 80 a agricultura era o principal sector de actividade, superando mesmo ós servicios, sendo adiantada por estes a mediados dos oitenta e de modo mais recente pola industria desde 1997 e pola construción desde o ano 2001. As dúas características de retraso e intensidade do proceso de desagrarización rexistrado en Galicia nos últimos 45 anos quedan de manifesto si temos en conta que un descenso similar desde un 60 a un 9% de ocupados agrarios precisou duns 75 anos en España, desde 1920 ata 1995.

O descenso é o resultado conxunto do envellecemento provocado polo éxodo rural das décadas anteriores, así como do cambio de actividade de parte dos mais novos a outras actividades, estimándose que un 70% do descenso en ocupados entre 1989 e 1999 foi debido á idade e no 30% restante ó cambio da actividade. Precisamente un dos problemas existentes cara o futuro é o baixo nivel de relevo xeracional e de falla de sucesión en moitas explotacións, habendo só un 10% dos ocupados con menos de 35 anos.

Nas últimas dúas décadas houbo tamén un elevado descenso do número de explotacións, que casi duplicou o ritmo rexistrado nas dúas décadas anteriores. Este descenso foi ainda mais elevado si seguimos a evolución das explotacións clasificadas como profesionais, esto é, quedando só con aquelas que están orientadas ó mercado e excluindo ás que polo seu menor tamaño dedican a totalidade ou maior parte da súa produción ó seu propio autoconsumo. En efecto, entre os anos 1982 a 2003 o número destas explotacións reduciuse desde unhas 233 mil a 102 mil, cunha taxa anual do 3,8%, que é só un tercio inferior ó descenso rexistrado nos ocupados para ese mesmo período, que acada un 5,9% anual (figura 3).

Pola contra, os cambios na terra no uso da terra foron moi reducidos nestes últimos vintecinco anos. A superficie utilizada en cultivos e aproveitada polo gando é dunhas 700 mil hectáreas, que equivale tan só a unha cuarta parte da superficie galega. Os cambios no uso da terra rexistráronse sobre todo desde comezos dos sesenta ós oitenta, cando se foron deixando de aproveitar polo gando unhas 820 mil hectáreas de monte que na agricultura tradicional tiñan un uso combinado para esquilmos e elaboración de esterco, leña, pastoreo e en parte con cultivos periódicos de cereal. Deste modo os aproveitamentos agrícolas e gandeiros quedaron confinados á metade da superficie da que dispuñan anteriormente, quedando gran parte da superficie non utilizada abandonada e cuberta polo mato, onde nas últimas décadas se rexistran gran parte dos incendios, que están ligados en parte a este abandono na utilización das terras (figura 3).

Ainda que o tamaño medio das explotacións creceu como consecuencia do descenso do número de explotacións, que afectou sobre todo ás mais pequenas, o seu valor sigue sendo reducido. O tamaño medio das explotacións aumentou desde unhas 5,9 a 9,8 hectáreas de superficie




Figura 3.- Evolución explotacións e superficie agrícola utilizada

nas explotacións profesionais entre 1982 a 2003, das que algo menos do 60% está dedicado a cultivos e pastos, polo que a súa superficie por explotación é baixa con só 5,6 hectáreas utilizadas no ano 2003.

O problema do baixo tamaño das explotacións galegas é sobre todo un problema de baixa utilización da terra dispoñible, pois as explotacións profesionais tan só xestionan 1,154 millóns de hectáreas, que equivale tan só a un 39% da superficie galega.

En efecto, a produtividade por ocupado (valor engadido por ocupado, VEB/ocupado) pode ser descomposta nos tres factores de intensificación (valor engadido por unidade de superficie agraria utilizada, VEB/SAU), de utilización (superficie utilizada sobre o total, SAU/ST) e tamaño (superficie total por ocupado, ST/ocupado).

A produtividade por ocupado en Galicia equivale a un 37% da media da Unión Europea e ó 40% da española. As causas están na terra: tanto na súa baixa utilización en cultivos e pastos, como na superficie dispoñible por ocupado, que é a metade da media europea. Estes baixos valores non compensan un maior valor xerado por hectárea utilizada, que tampouco é de estrañar, tendo en conta a menor produtividade das áreas mediterráneas de España, Portugal, Italia e Grecia que están incluídas na UE-12 (Táboa 8).

Actualmente os cultivos e pastos ocupan o 26% da superficie, unha proporción que é a metade da media de España e da Unión Europea. O monte arborado se estende

	Galicia	España	UE-12
VEB/ocup	37	92	100
VEB/SAU	125	68	100
SAU/ST	61	100	100
ST/ocup	48	135	100

Táboa 8.- Componentes da produtividade na agricultura de Galicia, España e da Unión Europea. Fonte: Eurostat

no 37% da superficie e outro 29% está a monte cuberto por vexetación de mato en estado de abandono (Táboa 9).

	Aproveitamentos		Propiedade	
	% s. total		% s. total	
Cultivos e pastos	26	Explotacións agrarias	51	
Monte arborado	37	Non agricultores	17	
Monte non arborado	29	Comunidades veciñais monte man común	22	
Non agrario	8	Pública	2	
Total	100	Non agraria	8	
		Total	100	
Total (millóns ha)	2.947			

Táboa 9.- Aproveitamentos e propiedade da terra en Galicia (en % s. total). Fonte: MAPA, mapa de cultivos; INE, enquisa de estruturas; outras estimacións

A propiedade das terras condiciona os seus aproveitamentos. As terras integradas nas explotacións agrarias ocupan un 51% da superficie. Ademais hai un 17% que é propiedade de non agricultores, e outro 22% das comunidades veciñais en man común, que en parte están arboradas, pero na súa maioría teñen un aproveitamento moi reducido ou están abandonadas, no primeiro caso polo absentismo dos seus propietarios e no segundo por problemas de organización e de falla de recursos pola comunidade veciñal.

A transferencia de terras entre as explotacións que abandonaban e as que permanecían activas ten sido escasa nas últimas dúas décadas, como se evidencia dun descenso de 210 mil hectáreas (o 15% da súa superficie) nas explotacións profesionais entre 1982 a 2003. As compras de terras están moi limitadas polo seu elevado prezo e hai unha carencia dun marco legal axeitado para o fomento dos arrendamentos rústicos que sexa equilibrado e atractivo para as dúas partes. Ante esta carencia dominan as cesións en precario, sin documentar, que non permiten unha planificación da explotación, sobre todo nas

% Var. Poboación 1981 a 2005	% Concellos	% Pob 2005	% Variación		Novos ocup non agrarios/ perda ocup.agrario (2001/1991)
			Poboación 1981-2005	Ocupados 1991-2001	
>0	20,6	64,7	18,0	30,1	10,0
0 a -20	22,2	18,0	-10,3	8,3	1,6
>-20	57,2	17,3	-36,4	-23,5	0,2
Total	100,0	100,0	-2,1	13,1	2,1

**Táboa 10.-** Concellos de Galicia segundo a variación da súa poboación entre 1981 a 2005: poboación e ocupados. Fonte: INE, censos de poboación de 1981 e 2001 e padróns de habitantes

actividades cun ciclo productivo mais longo. As terras arrendadas en Galicia equivalen só a un 8% da superficie das explotacións, que está por debaixo da metade do conxunto de España, sendo tamén inferior á doutras Comunidades do norte.

A falla de medidas de impulso ás transferencias de terras abandonadas ás explotacións en activo e de mellora da xestión das terras foi unha das grandes carencias no período autonómico, en especial dos quince últimos anos, cando houbo uns recursos adicionais e extraordinarios mediante os Fondos estruturais da Unión Europea. Os fondos estruturais do FEOGA tiveron un importe duns 1.596 millóns de euros (uns 266 mil millóns das antigas pesetas), sendo equivalentes ó 30% dos fondos estruturais xestionados pola Xunta no período de 1989 a 2004.

## A situación do medio rural

O medio rural está afectado por unha crise de carácter económico e demográfico. A nivel económico, pola crise da agricultura e pola falla de desenvolvemento doutras actividades productivas. A nivel demográfico, por unha intensa perda de poboación e por un elevado grado de envellecemento pola saída das xeracións de menor idade. Esta situación non afecta ó medio rural de modo uniforme, senón que ten unha maior gravidade nas áreas de montaña do leste de Lugo e na maior parte da provincia de Ourense, agás nas súas zonas de vales, mentras que noutro extremo o seu impacto é reducido nas zonas de influencia das áreas urbanas, nas que residen unha boa parte de traballadores urbanos e nas que tamén hai establecementos industriais de certa entidade.

Un modo de aproximarnos a súa situación é por medio da información agregada por Concellos segundo a dinámica demográfica nas últimas décadas. En concreto utilizamos a variación da poboación entre 1981 a 2005 e os resultados de ocupación dos dous últimos censos de poboación (1991 e 2001). Neste período casi un 80% dos Concellos perderon poboación, e o 57% deles de modo moi acusado con mais dun 20% de descenso, mentras que os urbanos e os do seu entorno inmediato a incrementaban nun 18%. Quedan así os Concellos galegos distribuídos en tres grupos: un mais dinámico das áreas mais urbanas, outro de tipo intermedio e o terceiro afectado dunha forte crise demográfica. Os problemas do medio rural ós que nos imos referir afectan basicamente ó conxunto destes dous últimos grupos de Concellos, que conteñen un 35% da poboación galega e abranguen o 83% do territorio (Táboa 10).

A perda de poboación neses Concellos é sobre todo o resultado dunhas peores expectativas económicas. Esta perda de poboación estivo acompañada dunha forte

redución da metade dos seus ocupados agrarios na década dos noventa, que non foi compensada pola xeración de empregos noutras actividades, sobre todo nos que tiveron as perdas mais intensas. Nestes Concellos houbo un descenso dun 24% nos seus ocupados, xerándose tan só 0,2 empregos non agrarios por cada ocupado agrario perdido (Táboa 10). A agricultura está en crise, cun descenso do valor xerado desde finais dos oitenta e cun descenso continuado nos seus ocupados, e non hai un desenvolvemento doutras actividades alternativas. Ademais unha cuarta parte dos traballos non agrarios non están radicados a nivel local, senón que son desempeñados en áreas urbanas ou núcleos intermedios sen haber un transporte público axeitado á xornada laboral.

A poboación destes Concellos ten unhas rendas dispoñibles que son 8 e 14% inferiores á media galega, que están algo amortecidas polo maior peso relativo das prestacións sociais aportadas polas pensións, pois a súa base económica é considerablemente mais débil. O conxunto dos ingresos salariais e das rendas de capital e das mixtas (aportadas polos agricultores e autónomos) equivalen só a un 83 e 68% da media galega (Táboa 11).

% Var. Poboación 1981 a 2005	Renda dispoñible bruta	Salarios e rendas mixtas e de capital	Prestacións sociais
>0	106,6	114,5	94,3
0 a -20	91,8	83,2	102,7
>-20	85,7	67,5	116,4
total	100,0	100,0	100,0

**Táboa 11.-** Concellos de Galicia segundo a variación da súa poboación entre 1981 a 2005 e niveis de renda, salarios e prestacións sociais per capita no ano 2001 (en % s. media Galicia). Fonte: INE, censos de poboación e padróns de habitantes; IGE, conta de renda dos fogares

A base económica da actividade agraria é débil. A pesares do forte descenso rexistrado no número das explotacións mais pequenas, tan só un 16% das explotacións profesionais acadan a viabilidade económica por superar uns 9,6 mil euros de renda agraria. Estas 16 mil explotacións teñen unha base territorial que lles permite obter unha renda familiar duns 32 mil euros, dos que casi o 90% proceden da agricultura. Nembargantes, o resto das explotacións teñen un baixo nivel de renda familiar duns 8 mil euros, baseando a súa supervivencia nuns ingresos que proveñen da agricultura, da realización doutras actividades e da percepción de pensións por parte dalgún membro das súas familias (Táboa 12).

Algo mais da terceira parte das explotacións carecen de sucesión polo que a medio prazo irán abandonando a actividade, quedando só unhas 64 mil, das que unhas 50 mil

	Número (miles)	Superficie (ha)	Idade (anos)	Renda familiar (miles €)	% s. renda familiar		
					%agraria	%o.activid.	%pensións
Viabes	16,0	21,1	47,2	32,0	88,3	5,8	5,9
Non viabes	84,1	7,6	59,3	8,2	28,5	27,9	43,6

**Táboa 12.-** Características das explotacións profesionais segundo a súa viabilidade económica. Ano 2003. Fonte: INE, microdatos da enquisa de estrutura das explotacións agrícolas 2003

	Número (miles)	Superficie (ha)	Idade (anos)	Renda familiar (miles €)	% s. renda familiar		
					%agraria	%o.activid.	%pensións
Viabes	14,3	21,7	45,6	32,4	87,7	6,4	5,9
Non viabes	49,6	8,4	54,2	9,2	30,8	41,3	27,8

**Táboa 13.-** Características das explotacións profesionais con sucesión segundo a súa viabilidade económica. Ano 2003. Fonte: INE, microdatos da enquisa de estrutura das explotacións agrícolas 2003

teñen unhas baixas rendas. Estes dous grupos de explotacións deberían ser o obxectivo prioritario das políticas agrarias e de desenvolvemento rural para a mellora das súas rendas agrarias e para complementalas coa xeración doutras actividades, tratando de impulsar ademais a transferencia a estas explotacións das terras das explotacións sin sucesión (Táboa 13).

O número de explotacións que diversificaron a agricultura con outras actividades é moi baixo, equivalendo tan só a un 2,4% do total. Ademais na maior parte dos casos son actividades de elaboración dos seus produtos (como viño e queixos) que xa viñan elaborando con anterioridade. As novas actividades de turismo rural e artesanía promovidas polos plans de desenvolvemento rural establecidos a nivel comarcal na última década tiveron uns resultados moi baixos, afectando tan só a un 0,5% das explotacións.

As necesidades de xeración de emprego noutras actividades económicas no medio rural son elevadas. O volume actual de subemprego nas explotacións é dunhas 25 mil persoas, ó que habería que engadir o existente nas familias non agrarias do medio rural. Precísanse de políticas que exceden o ámbito sectorial, de desenvolvemento económico das zonas rurais e cunha visión de conxunto e realista, coa promoción económica e a mellora das condicións de vida e servicios á poboación. Hai que contemplar a estratexia e o marco territorial de actuación por áreas que se orienten cara un núcleo urbano de suficiente nivel de centralidade como para vertebrar de modo efectivo o territorio do seu entorno.

Trátase de promover actividades sustentadas nunha base sólida desde o punto de vista económico, financeiro e de capacitación. Interesa estudar e concentrarse nalgúns actividades que permitan economías de escala intrasectorial por mellorar as condicións de adquisición dos aprovisionamentos, dos servizos de mantemento e de saída ó mercado. A experiencia doutros Países favorece un seguimento e apoio das novas actividades desde o comezo da idea do negocio, pasando polas fases de definición do proxecto, da mellora formativa, da busca dos apoios financeiros e do seguimento nos primeiros anos cruciais da

vida do proxecto, que é cando hai unha maior taxa de mortalidade das novas empresas. Ó lado do apoio de novas actividades económicas que teñen un desenvolvemento lento no seu comezo, hai que establecer uns plans de choque no fomento do emprego para actividades forestais ou medioambientais e no mantemento e reparación e pequenas obras de infraestrutura a nivel municipal.

## Conclusiones

Estas últimas catro décadas trouxeron cambios intensos e importantes no sector agrario e na economía rural, que pasaron de ter un peso relevante na economía e sociedade galega a unha situación moi secundaria, en canto ó valor xerado e o emprego, nunha visión simplista da situación, que non tivera en conta os seus impactos territoriais e ambientais.

Nos resultados conxunto deste período hai algúns avances, pero tamén bastantes problemas pendentes de resolver ós que non se lles aplicaron as medidas axeitadas, nin antes nin durante a etapa autonómica das últimas dúas décadas.

Hai avances na mellora das infraestruturas e na formación dun grupo de explotacións competitivas, aínda que moi minoritario, que conforman o núcleo productivo da agricultura galega. Tamén no importante crecemento dalgúns producións como o leite, algunhas cárnicas como as aves e tamén na madeira, así como de modo puntual na recuperación dalgún dos nosos viños.

Nembargantes, os resultados económicos globais son inferiores ós rexistrados no conxunto de España, debido a baixa dinámica productiva existente sobre todo desde finais dos oitenta. Outras deficiencias están na carencia de solucións ós problemas de xestión da terra, que seguen pendentes en gran medida e limitan o tamaño e viabilidade de gran parte das explotacións, nas eivas existentes na organización da produción e nas industrias de transformación e tamén están na vertente territorial da economía rural enfrontada a unha dobre crise de carácter económico e demográfico.

A situación do medio rural está limitada pola crise da agricultura e pola falla de diversificación económica, precisando do apoio ó establecemento de actividades sobre unha base económica sólida e conectadas ó mercado.

---

## Referencias

- Banco Bilbao Vizcaya, 1993. Renta Nacional de España.
- Bouhier A., 1979. La Galice: essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire. 2 tomos. Poitiers (Vienne).
- Colino X., Perez Touriño E., 1983. Economía campesiña e capital. A evolución da agricultura galega 1960-1980. Ed. Galaxia.
- Consellería Agricultura, vva. Anuario Estadística Agraria.
- Fernandez G., vva. La economía gallega en..(informe anual). Ed. Caixa Rural Ourense, Coren, Promed.
- Fundación Caixa Galicia, vva. A economía galega. Informe anual.
- IGE, 2000. Táboas input de Galicia. 1998. Instituto Galego de Estatística.
- INE, vva. Censos agrarios. Instituto Nacional Estadística.
- INE, vva. Encuesta de estructura de las explotaciones agrícolas. Instituto Nacional Estadística.
- INE, vva. Encuesta industrial de empresas. Instituto Nacional Estadística.
- Lopez Iglesias E., 1998. "El sector agrario en Galicia: alcance y límites de su reestructuración en la última década". En: El sector agrario: análisis desde las Comunidades Autónomas, Molina, M. et al. (coord.), MAPA-Mundi Prensa.
- MAPA, vva. Anuario de Estadística Agraria. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- Sineiro Garcia F., 1992. Los cambios operados en la agricultura y actividades forestales en el período 1960-1988. En: Estructura económica de Galicia. F. González Laxe (coord). Ed. Espasa Calpe.
- Sineiro Garcia F., González Laxe F., Santiso Blanco J.A., 2005. La industria alimentaria en Galicia. Instituto Estudios Económicos de Galicia. Fundación Pedro Barrié de la Maza.



## Relatorio

Manuel Jordán Rodríguez

# Elementos de cambeo na sociedade rural galega: As cooperativas

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumo** Identifícase o apreciable peso específico das distintas clases de cooperativas no medio rural galego. Ao tempo expónse a actuación das cooperativas a prol dunha dinámica transformadora no medio rural, diferenciando os aspectos principais desa actuación. E, en terceiro lugar, márcanse os retos a que se enfrentan, en distintos ámbitos, cooperativas e administracións, para conseguir máis eficiencia nese labor.

**Palabras clave** Economía social · Desenvolvemento rural

**Abstract** The appreciable specific weight of the different classes of cooperatives in Galician rural means is identified. At the same time the performance of cooperative to transforming dynamics in rural means is exposed, differentiating the main aspects from that performance. And, thirdly, the challenges, in different scopes, cooperatives and administrations are marked, to obtain more efficiency in that work.

**Key words** Social Economy · Rural Development

## Introducción

O Cooperativismo pode e debe contribuir de xeito importante aos cambeos desexados para o espazo e a sociedade rural galega.

Argumentar esta afirmación require identificar a situación e presenza de partida das cooperativas nese medio, a súa importancia cuantitativa. Tamén o seu significado cualitativo, o que xá están a aportar nas transformacións económicas e

sociais e as potencialidades a consolidar. E, por último, exige a definición e promoción de compromisos, a concertación de estratexias que afiancen os resultados que se buscan.

A exposición que segue intenta, nesas tres ordes, aportar elementos para a reflexión.

E tributaria do recente esforzo colectivo, coa participación como coordinador do autor, que por vez primeira en Galicia, ten permitido dispoñer dun diagnóstico completo sobre a situación do cooperativismo, o Libro Branco do Cooperativismo en Galicia (Xunta de Galicia, 2004), e dun conxunto articulado de alternativas para o mesmo, o Plan Estratégico para o Cooperativismo Galego (Xunta de Galicia, 2005).

## A presenza do cooperativismo no medio rural

En Galicia o movemento cooperativo ten xá un peso apreciable e consolidado: 1004 cooperativas activas, repartidas por todo o territorio de xeito equilibrado (hai, e moitas delas son de ámbito supramunicipal, no 70% dos concellos). Seguen unha dinámica de evolución crecente (a partir dos anos 80 estanse a crear preto de 90 cada ano). E teñen unha antigüidade/vida media de dez anos, o que indica certa madurez, en tanto que moitas teñen superado a etapa, por veces moi crítica, dos primeiros anos de vida (Xunta de Galicia, 2004, 39 e ss.).

A súa importancia social ven dada polos máis de 85.000 socios agrupados: nun de cada once fogares en Galicia hai socios dalgunha cooperativa. Teñen un tamaño social medio de 83,47 socios, se ben con notábeis graos de desviación que revelan a alta heteroxeneidade do colectivo. E contan cunha forte presenza da muller -o 46% do total de socios- superior á presenza feminina no mercado de traballo, e cunha proporción de socios de idade avanzada -o 23%- inferior ao peso demográfico dese intervalo poboacional en Galicia (Ibid, 46 e ss.).

Da súa contribución a Economía galega da idea a estimación dunha facturación total de 2300 millóns de euros, unha media de 2,34 millóns de euros/cooperativa, e un valor engadido bruto de 362,1 millóns de euros, algo máis do 1,1% do total galego. Ademais, as empresas cooperativas distribúense, en termos de número de sociedades, de forma relativamente homoxénea entre os distintos sectores da economía galega e o seu impacto conxunto no emprego alcanza as 22.433 persoas, o 2,02% dos ocupados galegos (Xunta de Galicia, 2004, 55).

Máis alá dos datos agregados interesa identificar a importancia dalgunhas das clases cunha decisiva presenza e proxección no medio rural. En primeiro lugar, obviamente, a ponla máis vizosa do cooperativismo galego: as cooperativas agrarias:

Son 272 cooperativas, espalladas por todo o territorio, que contan con máis de 45.000 socios (Ibid, 70 e ss.). O seu desenvolvemento foi parello as transformacións da agricultura e gandería galegas. Teñen importancia, en distintos grados, na práctica totalidade dos subsectores agrogandeiros:

Así, as 142 cooperativas que actúan no sector leiteiro intermedian na venta do 59 % do leite producido en Galicia. Cunha media por cooperativa de 14.953.372 kg, e unha media por explotación asociada de 102.831 kg de cota, moi superior á media das explotacións de leite galegas. (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, 2003).

No subsector de vacún de carne, e aínda que -coa excepción de COREN- a actividade cooperativa no mesmo é recente, comezou hai menos dunha década, as cooperativas teñen un peso ao redor do 50 % dos xatos comercializados pola maior denominación de carne de España, a IXP "Terneira Gallega" (Xunta de Galicia, 2004, 78).

As 20 cooperativas activas no sector de Horta, Flor e froitos representan o 40 % das producións de horta que saen ó mercado clasificadas, tipificadas e totalmente controladas e normalizadas e o 85 % das de flor (Ibid., 79).

No sector vitivinícola, 12 cooperativas comercializan viños en case que todas as denominacións de orixe, sendo a súa presenza moi elevada nas denominación de Valdeorras, Ribeiro e Rías Baixas. Nestas tres denominacións as cooperativas teñen un peso comercial medio superior ao 40 % dos viños comercializados (Ibid., 80)..

En producións gandeiras intensivas, as cooperativas –destacadamente COREN- significan o 33 % do volume comercializado do porcino de Galicia; o 85 % dos coellos; o 70 % dos polos e o 25 % dos ovos (Ibid., 85).

A práctica totalidade das cooperativas agrarias realiza actividades de abastecemento de materias primas, nomeadamente pensos para a alimentación animal e fertilizantes para a produción de forraxes e demais cultivos, e prestan servizos – veterinarios e agrónomos- para as explotacións dos socios. Supoñen máis do 50 % do mercado de pensos de Galicia, o 44 % dos fertilizantes comercializados (Ibid., 81), e son líderes a nivel de Estado

no abastecemento doutros inputs especializados na gandería de leite (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, 2002)

Hai 45 cooperativas que teñen como obxecto social principal a explotación dun parque de maquinaria de forma conxunta por todos os socios, e 43 cooperativas agrarias que prestan o servizo de maquinaria aos seus socios. O que permite aforrar custos nas explotacións, mellorando os índices de amortización e reducindo o volume de investimento. Así mesmo, tamén permite ter máis servizos, adquirindo maquinaria de maiores prestacións e tecnoloxía avanzada, máis segura e con mellores condicións de traballo para os agricultores.

Neste camiño de mellora das condicións de traballo, tamén son reseñabeis as 15 cooperativas que dispoñen de axentes de substitución dos titulares de explotacións.

Entre as outras clases de cooperativas con presenza no medio rural figuran as cooperativas de explotación comunitaria. Son 23 asociacións nas que os socios poñen en común terras e/ou traballo para explotar conxuntamente en actividades, usualmente gandeiras. Trátase dun movemento, con raíces nos primeiros anos setenta e que colleu un novo pulo nos últimos anos, orientado a conformar unidades de explotación dun tamaño mínimo rentabel, que aproveiten as economías de escala, así como as ventaxes -organizativas e laborais- derivadas dunha fórmula de grande versatilidade na súa conformación concreta (Jordán Rodríguez, 1998)

Teñen asemesmo importancia no espazo rural as Cooperativas de traballo asociado. Son iniciativas que xurden a partires da asunción da propiedade da empresa por parte dos traballadores, que ostentan a dobre condición de empresarios e traballadores, autorresponsabilizándose dos seus empregos. Conforman, habitualmente, pequenas empresas, hai máis de 550 en Galicia, das que máis da metade se ubican en ámbitos non urbáns, que desenvolven variedade de actividades en diferentes sectores: na industria, nomeadamente, pero non unicamente, no textil; na construción e en diversidade de servizos (comerciais, servizos a empresas, servizos sociais, etc...).

Debe sinalarse tamen a importancia das actividades de crédito das cooperativas. Unha cooperativa de crédito -Caixa Rural Galega, con 41 oficinas distribuídas nas catro provincias- e varias seccións de crédito da comarca ferrolán, que captan un apreciable volume de depósitos e canalizan, en forma de créditos, importantes recursos cara o seu entorno.

E, xá por último, están as entidades de intercooperación e de asociación entre as sociedades cooperativas. Trátanse, no caso das primeiras, de fórmulas de colaboración e concentración empresarial, orientadas a facilitar e abaratar a xestión, adaptar e diversificar a oferta de produtos e servizos e, en definitiva, mellorar a competitividade (entre elas destacan as 12 cooperativas agrarias de segundo grado, así como as empresas resultantes de recentes procesos de fusión, algúns aínda en marcha). E són, no caso das segundas, as Asociacións e Unións de Cooperativas, entidades de representación e interlocución,

prestadoras de diversidade de servicios, que integran a boa parte do movemento cooperativo galego: AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agrarias), UGACOTA (Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado), A Federación de Empresas Cooperativas SINERXIA, e varias unións de ámbito provincial e/ou comarcal.

Esta apertada síntese evidencia, en definitiva, que o colectivo cooperativo de Galicia está chamado a ser, sequera pola súa importancia cuantitativa, un dos protagonistas necesariamente implicados nos procesos de cambio no medio rural.

### **A aportación cualitativa do cooperativismo ao desenvolvemento rural e as súas potencialidades**

Máis a trascendencia do cooperativismo nos procesos de cambio deriva tamén do relevante papel que está a xogar dende o punto de vista cualitativo, como impulsor de transformacións positivas. Un papel que se manifesta en varios eidos:

No asentamento e consolidación no medio rural de estruturas productivas-empresariais máis sólidas

Valorar o aporte no plano empresarial das cooperativas exige empregar criterios analíticos que teñen en conta as diferencias e as particularidades das mesmas respecto do común das empresas privadas. As cooperativas, pola súa natureza, coma outras empresas da chamada economía social, son sociedades de persoas e para as persoas. O seu obxectivo social esencial non é a rendabilidade do capital, senón a posta en valor das aportacións dos socios a empresa, o que non sempre ten por qué coincidir. Os “móviles” prioritarios poden ser a maximización do valor nos proxectos individuais dos socios, o que pode ser diferente, aínda que as veces non seña incompatible, coa maximización dos beneficios empresariais na actividade cooperativizada. Ademais, a “función obxectivo” pode variar segundo a clase de cooperativa de que se trate. En calquer caso, en canto fórmula empresarial, pode resultar tan válida como calquer outra: é unha forma, un molde, que pode encherse con diversos contidos. Non existe, neste aspecto, Cooperativismo – en maiúsculas e en singular- senón cooperativismos.

E os cooperativismos actúantes no medio rural galego están a ser un vehículo que transporta máis racionalización e eficiencia as estruturas productivas. Porque son o camiño de introducción de iniciativas transformadoras e modernizadoras. As veces mediando e actuando na introducción de melloras e cambios nas explotacións agrarias individuais, e ahí está o papel de moitas cooperativas agrarias incentivando a especialización nas producións, prestando servicios e asesoramentos, e incidindo na difusión de coñecementos técnicos, na formación, na difusión da información, na implementación e desenvolvemento de novas aplicacións e novas tecnoloxías, na irradiación das melloras, ou na adaptación e aplicación

das políticas económicas en actividades sometidas a forte regulación. Sirva como constatación o feito de que grande parte das explotacións máis transformadas e profesionalizadas en moitos sectores agrarios están integradas en cooperativas

As veces as cooperativas actúan directamente na reforma das estruturas productivas, como as cooperativas de explotación en común da terra ou as cooperativas de traballo asociado que, ademais de facilitar a integración no mercado, conforman ex novo sobre de bases mellor dimensionadas actividades individuais que tiñan limitadas as súas posibilidades de pervivencia.

Por outra banda, as cooperativas están a ser un elemento esencial para facilitar e mellorar as condicións de competencia nuns mercados cada vez máis abertos, o que tamén afianza a consolidación de moitas actividades. Convírtense nun dos “poderes compensadores” a que se refería Galbraith (Galbraith, J.K., 1968), intervindo na regulación dos mercados. E así, pola súa capacidade de concentración da oferta e demanda, inflúen na mellora de prezos percibidos e/ou pagados, na súa estabilidade e na súa uniformidade, e danlle máis transparencia aos mecanismos de formación dos mesmos.

Tamén xogan un importante papel regulador en momentos en que as oscilacións cíclicas levan aos mercados a situacións de estancamento, recesión ou mesmo crise. Porque teñen máis capacidade de resistencia empresarial, no límite moitas delas non necesitan da obtención de resultados positivos para subsistir, sempre que contribúan a maximizar o valor da contribución dos socios. Porque garanten, pola súa natureza, a compra/abastecemento dos produtos/servizos a todos os seus socios, sen exclusión. Porque internalizan as crises, socialízanas, evitando axustes ao repartir, habitualmente entre todos os seus socios, os custos das mesmas, o que lles aporta aos mesmos confianza, protección e seguridade.

E están a impulsar resueltamente melloras esenciais para asentar no longo prazo moitas orientacións productivas. Difundindo e colaborando na implementación de medidas medioambientais, actuando moitas veces como ponte entre a administración e os seus socios nos cambios debidos para a adaptación as novas normativas. Desenvolvendo e implantando sistemas de calidade coas súas correspondentes certificacións. Avanzando na diferenciación e singularización dos produtos a través da creación de marcas. Ou contribuindo a garantir a seguridade alimentaria, identificando dende unha posición privilexiada a trazabilidade dos produtos, o camiño dende a produción ao consumo, en tanto que se localizan, e teñen vínculos directos, cos dous extremos.

En definitiva, contribúen a mellora de renda e prezos. Aportan máis capacidade de negociación. Máis flexibilidade e capacidade de adaptación ou, se se prefire, máis capacidade de defensa en circunstancias cambiantes. E, por tanto, máis perspectivas de mantemento e consolidación de variedade de actividades no medio agrario.

Na consolidación de alternativas que acrescentan, no aspecto social, valores específicos.

Sen dúbida a profundización e mellora nas consecuencias sociais da súa acción, marca un dos importantes desafíos actuais do movemento cooperativo galego. Máis a dimensión social das cooperativas debe ser particularmente valorabel nun momento e nun contexto en que o enfoque dos problemas do rural é, necesariamente, cada vez máis integral.

Os principios constitutivos básicos que orientan as cooperativas, a súa natureza voluntaria, persoal, asociativa e democrática, tradúcense en prácticas de igualdade e distribución equitativa de resultados, de democracia organizada, de primacía das persoas sobre os capitais, de transparencia na xestión, de mutualismo, solidariedade e cohesión social. Por elo resultan acaidas para vehiculizar procesos de cambio en contextos sociais fragmentados e necesitados de organización.

Ao respecto, a capacidade de organización das cooperativas galegas evidenciase no, xá citado, importante volume de socios que incorporan. Debe destacarse tamén a tendencia de evolución crecente, cunha porcentaxe media de incremento do 126%, que resulta da comparanza dos socios actuais respecto dos socios iniciais ( Xunta de Galicia, 2004, 410).

En termos de participación, tanto no sistema de toma de decisións como na actividade económica da asociación, e con independencia das diferencias existentes entre as distintas clases, as encuestas exhaustivas realizadas nas nosas cooperativas amosan índices elevados (Ibid., 412 e ss.).

Por outra banda no haber social das cooperativas debe computarse a súa contribución no plano da formación. Formación non unicamente empresarial, profesional ou laboral, senón tamén en capacidades para cooperar, organizativas, en habilidades sociais, en compromiso, etc. E tamén aquí, a práctica das nosas cooperativas, medida en termos de cantidade de accións formativas, de participación e de valoración das mesmas, é positiva (Ibid., 419 e ss.).

No terreo do compromiso pola igualdade de xénero presentan, como temos adiantado, unha participación da muller superior ao que é a presenza da mesma no mercado de traballo ( particularmente importante nas cooperativas de traballo asociado, pero tamén nas cooperativas agrarias). E son xá unha realidade en boa parte das nosas cooperativas as potencialidades do cooperativismo no empeño por evitar a discriminación de xénero, con prácticas que permitan a conciliación da vida laboral e familiar, a participación en postos de responsabilidade, a formación e, en suma, a igualdade real .

Asemesmo as iniciativas cooperativas están a ser unha fórmula idónea para a integración social de colectivos desfavorecidos, xóvenes, desempregados, colectivos con discapacidades ou con risco de exclusión. É un feito a aparición de novas cooperativas de servizos sociais e de integración social, ou cooperativas de traballo asociado que son notábeis xeradoras de emprego feminino e para xente

nova, etc....Con independencia da contribución o benestar social que xenera, de seu, o seu aporte económico para o mantemento das actividades productivas noutros ámbitos.

Por último aporta valores, intanxibéis pero trascendentes nos colectivos sociais, como o reforzamento da autoestima e a independencia persoal que se derivan da asunción de proxectos que implican unha posición proactiva, facerse cargo do propio destino.

## Na promoción do desenvolvemento

Na historia de Galicia, o cooperativismo estivo sempre ligado a iniciativas de desenvolvemento. Tamén hoxe está a ser, e pode e debe selo aínda máis, unha ferramenta, flexíbel e versátil, para articularse con outras fórmulas empresariais na persecución de obxectivos comúns nun proceso que é integral, complexo, e que non pode ser obra dun só instrumento.

Porque, en primeiro lugar cumpre un papel relevante na organización, estruturación e integración dos sectores produtivos nos procesos de cambio. Xá temos adiantado o seu rol concreto na introducción de prácticas productivas novas, na transformación de sistemas productivos, ou como axente impulsor de cambios de mentalidade e actitudes. Tamén favorece e garante, a traves da agrupación empresarial, unha maior integración mercantil de empresas e actividades individuais dos socios, o que lles permite unha inserción máis favorable nun entorno de competencia aberta. O que serve, en particular, para axudar a integrar no desenvolvemento algúns sectores clave da economía e sociedade galegas.

Igualmente xá temos adiantado o valor social e formativo das cooperativas que, por tanto, teñen un camiño andado nestos ámbitos que pode ser aproveitado na perspectiva do desenvolvemento.

Máis en xeral, as cooperativas, pola súa natureza e pola súa práctica, deben ser utilizadas nos procesos de desenvolvemento porque están identificadas e pertencen ao tecido local. Agrupan e axudan a dar "organicidade e vertebración" ás demandas da xente (son, neste sentido, complementarias das actuacións doutros axentes cívico/sociais). Porque a coordinación económica, proporcionada por un tecido asociativo en rede permite a individuos e empresas realizar transaccións sobre a base de accións de apoio mutuo, achegando as vantaxes da complementariedade e de maior tamaño: iso está na base dos procesos de desenvolvemento e tamén é un eixe cardinal das cooperativas (García Alonso, J.V.,1999). Porque són "capital social", o que semella básico nos procesos de desenvolvemento, e contribuen a acrecentalo (Morales Gutiérrez, A.C.2002). Ou porque xá son hoxe, en moitos casos, un referente socioeconómico no desenvolvemento dunha área xeográfica determinada.

Asemesmo as cooperativas están a amosar unha grande capacidade para a mobilización de recursos endóxenos. Moitas baséanse na explotación de recursos específicos que, non se poden mover, están fixados ao territorio a que

pertencen os socios (Coque Martínez, J., 1999). Teñen, como recurso intanxíbel, o dar chegado a acordos e a experiencia do traballo en grupo, ou ter creado redes, fortalecido vínculos e relacións no contorno, o que as convirte en plataformas da mobilización. Poden ter unha grande influencia na promoción e distribución de bens específicos, de calidade, produtos locais tradicionais, recursos potenciais que polo momento están pouco explotados ( artesanía, produtos alimenticios de calidade etc...). Ademais, na medida en que as cooperativas fixan poboación e manteñen a algunha xente na actividade implican evitar a fuga deses recursos, especialmente da poboación nova.

E poden xogar un importante papel como colaboradoras das administracións na promoción do desenvolvemento. Poden integrarse nos grupos de desenvolvemento e

achegar o seu *background* na concertación. Con pouco esforzo, teñen externalidades positivas para o contorno na prestación de servizos intanxíbeis, e poden ampliar eses servizos con pouco uso de recursos. Moitas xa teñen creado infraestruturas “económicas”, de prestación de servizos, que son aproveitábeis. Teñen, reiteramos, unha experiencia particularmente relevante no eido da formación. E, por último, dende o punto de vista da utilización de recursos públicos para o desenvolvemento, facer partícipes deles ás cooperativas incrementa a escala, amplía o número de beneficiarios dos recursos, favorece o mellor financiamento dos procesos e a realización de pactos de máis alcance.

## No emprego

A contribución das cooperativas galegas ao emprego - cifrada, como temos visto, no 2,02% dos ocupados do país- incide de forma maioritaria no medio rural. Máis a mera aproximación cuantitativa non fai xustiza a influencia das cooperativas no emprego. Debe contemplarse, asemade, a importancia do cooperativismo no mantemento da actividade produtiva en diferentes sectores e, por tanto, no mantemento do emprego nos mesmos: serve para mitigar a tendencia de destrución de emprego no sector agarario a partires da súa contribución a transformación do mesmo; tamén é destacable a contribución das cooperativas de traballo asociado ao mantemento do emprego na industria e nos servizos, particularmente nos momentos malos do ciclo económico.

Ademais o emprego cooperativo presenta trazos cualitativos específicos. Diferenciase en razón do seu aporte en termos de calidade do emprego. En varios aspectos:

En primeiro lugar na estabilidade. Nas empresas cooperativas existe certa firmeza na afiliación de cada traballador ao colectivo que entre todos integran. Están unidos por un pacto diferente e mais forte que o que vencella ao traballador asalariado coa súa empresa. O que contrasta coa situación actual no mercado de traballo, caracterizada pola elevada flexibilización e a contratación temporal.

En segundo lugar ten peculiaridades favorábeis no ámbito da formación e capacitación dos traballadores: a cooperación, a asunción de responsabilidades e a participación nas decisións implican maior preparación. Tódalas cooperativas —e de xeito particular as cooperativas de traballo asociado— funcionan como escolas de empresarios.

En terceiro lugar, nunha parte importante do movemento cooperativo, a participación dos traballadores na propiedade outórgalles a capacidade de tomar decisións sobre as condicións do seu propio traballo. O que pode incorporar comportamentos positivamente diferenciados no ámbito das condicións retributivas, da ordenación do tempo de traballo e do tempo de ocio, da organización e división do traballo etc..

En cuarto lugar, a asunción da promoción da empresa e dos riscos do proxecto de xeito participativo e igualitario crea un marco que favorece a implicación dos traballadores e pode xerar, no subxectivo, actitudes de motivación favorábeis. Por elo tense plantexado que a cultura propia destas empresas xera “valores de conservación” da organización en tanto que a especial motivación conleva estímulos a unha maior participación e implicación dos traballadores, o que lles otorga unha particular fortaleza (Orellana, W., 2002).

Por outra parte, as características actuais do mercado de traballo revelan unha situación particularmente desfavorable para determinados colectivos – mulleres, xóvenes, persoas en risco de exclusión ou adicadas a actividades na economía “informal”- para os que o cooperativismo, como se ten adiantado, pode incorporar unha aportación específica.

Por último, o emprego cooperativo pode proxectarse cara a novos xacementos de emprego, como os derivados do seu potencial papel nas actividades vencelladas ao desenvolvemento territorial, na prestación e diversificación de servizos de proximidade relacionados co benestar social, ou na oferta de servizos cualificados.

## Os camiños para mellorar a contribución das cooperativas aos cambeos

A proxección de totalas potencialidades das cooperativas en relación co cambeo desexabel no medio rural farase posible na medida en que, tamén as propias cooperativas, se marquen novos rumbos de forma organizada. Nese esforzo deben tentar comprometer unha ampla adhesión de axentes – administracións, asociacións...- xunto coa implicación colectiva dos cooperativistas. A aposta ten que ser capaz de mobilizar recursos, xenerar sinerxias e coordinar e aunar iniciativas e proxectos en varias áreas:

### No desenvolvemento empresarial

Encamiñando os esforzos cara un aumento do tamaño, acometendo os procesos de integración necesarios para garantir unha escala que afince a competitividade.

Esta mellora da competitividade vai da man do seguemento dunha estratexia de calidade, coas correspondentes acreditacións, que deben abrir novas iniciativas de “marketing”, entre as que se debe utilizar a marca “cooperativa” como un elemento diferenciador.

Asemesmo o mercado exige a extensión das actividades cooperativas hacia sectores ou nichos de potencial crecemento e relacionados coas iniciativas de desenvolvemento. Tamén a diversificación de marcas ofrecidas, das áreas xeográficas de influencia e da oferta de produtos e servicios complementarios e/ou substitutivos dos actuais.

Evidentemente todo elo será posible se, na orde interna, as cooperativas apostan pola mellora das súas dotacións de equipamento, polo incremento dos seus activos tecnolóxicos e pola consolidación de grupos de xestión eficientes. Tamén, e os procesos de concentración poden facilitalo, por acometer máis proxectos de transformación.

E sempre, obviamente, coa previsión e planificación oportunas: nas cooperativas a análise e selección das condicións de viabilidade, e mesmo o acompañamento dos proxectos, semellan particularmente necesarios.

### No desenvolvemento societario

Débase impulsar e estender a aplicación de procedementos e ferramentas, como o Balance Social, que miden, garanten, e enfrentan as cooperativas co cumprimento das súas potencialidades en relación coa súa responsabilidade social.

Debe apostarse polo avance na participación en todos os ámbitos, pola implicación de traballadores e socios, pola utilización de sistemas que permitan ofrecer solucións diversas a variedade social e de intereses que as integran, nun camiño de flexibilidade, eficiencia e mellora continua. Elaborando e difundindo códigos de conducta e modelos de boas prácticas nos diferentes eidos.

Compre promocionar as potencialidades da fórmula en diversos ámbitos de transcendencia no desenvolvemento social, como a incorporación das mulleres ao mundo do traballo, as posibilidades de conciliación da vida laboral e familiar e outras..

E, ao igual que no desenvolvemento empresarial, débese analizar, seleccionar e tutelar, as condicións de viabilidade societaria.

### No financiamento e na xestión financeira

Urxe, dende o pragmatismo, facilitar o acceso das entidades cooperativas ós recursos financeiros. Desenvolvendo os instrumentos de financiamento, propio e alleo, xá recoñecidos pola legislación cooperativa, e moitos deles polo momento pouco utilizados.

E necesario potenciar a implicación e participación económica das entidades de promoción económica,

públicas e privadas, en proxectos cooperativos, así como a captación de investimentos de carácter privado. Todo elo nun marco de continuidade e potenciación dos apoios financeiros de carácter público xá existentes, que poden abrir novas liñas, ou novas vías nalgunhas das axudas transversais actuais, específicas para o cooperativismo.

Procede avaliar a posibilidade de deseñar novos instrumentos de financiamento, capital-risco, sociedades de garantías recíprocas, que permitan o acceso das sociedades cooperativas ó mercado financeiro en condicións de igualdade con respecto a outro tipo de sociedades.

Tamén, na orde interna, son necesarias iniciativas encamiñadas a mellorar e profesionalizar a xestión e planificación financeira.

### No compromiso institucional

É un desafío avanzar no fortalecemento dos diversos organismos e institucións públicas con responsabilidade en materia cooperativa. Así como na súa coordinación efectiva.

Por outra parte, e dadas as potencialidades da fórmula na promoción do desenvolvemento territorial, e o seu papel complementario dos esforzos que nesa dirección se realizan noutras instancias, compre avanzar no deseño de programas específicos capaces de rentabilizar esas potencialidades. Programas entre os que destacan a articulación de mecanismos de colaboración entre cooperativas e administración de distintos ámbitos competenciais territoriais, para achegar pulo aos procesos dinamizadores e, en particular, ao desenvolvemento dalgúns dos Programas Operativos concretos hoxe en marcha.

Pódese potenciar as posibilidades que ofrece o autoemprego cooperativo dende os organismos oficiais de colocación e os viveiros de empresas, así como difundir a utilización do cooperativismo entre a rede de axentes adicados a activación e dinamización a escala local. Mesmo cabe estimular a participación de concellos e outras entidades públicas como socios, colaboradores ou ordinarios, de proxectos cooperativos estratéxicos para o desenvolvemento.

Máis en xeral, a promoción da presenza activa das cooperativas nos diferentes foros socioeconómicos, halles permitir formar parte dos procesos de diálogo, consenso e dinamización que, ao cabo, determinan o desenvolvemento.

Por último neste punto, o compromiso institucional debe apostar polo fomento do asociacionismo cooperativo como elemento básico para a consolidación do modelo cooperativo en Galicia.

### Na divulgación, na educación e formación

As cooperativas teñen que asumir o desafío de impulsar a formación, polos valores que aporta e como requisito imprescindible do seu bó funcionamento interno, unha

formación que debe ser integral: empresarial, laboral e societaria.

Pero tamén son necesarias medidas orientadas a difusión e divulgación dos principios, valores e potencialidades da fórmula, para poñelos en valor na sociedade.

Complementariamente, resulta necesario incorporar o coñecemento da fórmula nos distintos niveis do sistema educativo e formativo.

### Nalgunhas clases de cooperativas con máis proxección no medio rural

Están marcados, asemesmo, algúns dos obxectivos de mellora para varias clases de cooperativas con especial importancia no medio rural. Deterémonos, por economía de espazo, nunhos poucos e referidos a algunhas das clases máis siñificativas:

Nas cooperativas agrarias e de explotación en común destacan, ademáis dos xá mencionados de dimensionamento e integración, os relacionados coa profesionalización da xestión e a mellora das prácticas de goberno. Tamén os dirixidos a reforzar o seu protagonismo na transformación e comercialización e como garantes da calidade e seguridade alimentaria. Pero, especialmente, os retos a que se enfrentan como xestoras e protagonistas nas novas orientacións do desenvolvemento rural, dende a multifuncionalidade e promovendo a pluriactividade con prácticas medioambientalmente sustentabeis.

Nas cooperativas de traballo asociado cobra especial relevo o desenvolvemento de sistemas organizativos acidos, a busca de fórmulas que permitan a incorporación de novos socios e a inserción do traballo asalariado, a adopción de estratexias de intercooperación ou a elaboración de programas sectoriais diferenciados segundo as actividades.

Nas cooperativas de servizos e transportes, boas fórmulas de integración empresarial para autónomos e pequenas e medianas empresas, ó obxectivo de mellora da dimensión engádese a necesidade de intensificación da colaboración con outros ámbitos asociativos. Tamén se plantexa, mediante as novas tecnoloxías da comunicación, a potenciación da prestación de servizos, a presenza na Rede e a introducción do comercio electrónico.

Nas cooperativas de servizos sociais e integración social compre a identificación dos modelos prácticos, organizativos e de xestión, máis adecuados. O que debe ir acompañado dun traballo de divulgación e sensibilización entre os colectivos destinatarios, e debe contar con estratexias de apoio e liñas de promoción específicas que inclúan especiais medidas de acompañamento. Igualmente, a colaboración e concertación coas administracións públicas con competencias neste ámbito, resulta decisiva.

Por último, no mundo do monte, compre identificar os modelos cooperativos específicos que permitan, nun marco de pequenas propiedades privadas individuais, acadar dimensións axeitadas a unha xestión da produción

madeireira ordeada e sustentable. Débense divulgar e promover as cooperativas, até o momento pouco utilizadas, prestadoras de diversidade de servizos, tanto nos distintos labores relacionados coa explotación florestal, como nas actividades relacionadas coa comercialización da madeira, ou coa explotación e comercialización dos produtos non madeireiros e nos usos alternativos do monte. Tamén se deben considerar as complementariedades e potencialidades que poden xurdir a partires da posta en práctica de fórmulas de colaboración entre as cooperativas e as Comunidades de Montes de Veciños en Mán Común.

---

## Conclusiones

O movemento cooperativo de Galicia debe ser, pola súa presenza real no medio rural, un dos axentes destacados nas iniciativas que promovan procesos de cambio. Tén unha presenza particularmente importante a través das cooperativas agrarias, máis tamén conta cun notable peso das experiencias de traballo asociado, do crédito cooperativo e das cooperativas de explotación en común da terra. É tén unha decisiva incidencia en actividades de intermediación, industrialización e comercialización relacionadas coas principais producións agrogandeiras.

Ademáis, a súa aportación en termos cualitativos resulta especialmente significativa en tanto que promove unha dinámica de transformacións en sintonía coas grandes liñas de acción de calquer proceso de cambio. Vehiculiza fórmulas empresariais viabeis que incorporan racionalización e eficiencia nas estruturas productivas e melloran as condicións de competencia. Acarrea valores sociais e societarios específicos que enraizan nas persoas as mudanzas. Mobiliza os recursos endóxenos e o capital social e favorece os necesarios procesos de formación e concertación con menos custos de oportunidade que outras alternativas. E xenera emprego de calidade.

Maximizar esta contribución esixe esforzos de progreso nas propias cooperativas e a colaboración das administracións relacionadas con elas. Para, na orde interna, avanzar en aspectos empresariais, societarios e financeiros. Para poñer en marcha tanto mecanismos concretos de promoción do cooperativismo como fórmulas de colaboración entre cooperativas e administracións. E, en fín, para acrecentar a divulgación, a educación e a formación cooperativa.

---

## Bibliografía

- Asociación galega de cooperativas agrarias-AGACA (2003): *VI Informe sobre a Xestión e o Estado Económico do Cooperativismo Agrario*. Santiago de Compostela: AGACA.
- Consellería de política agroalimentaria e desenvolvemento rural (2002). *O sector da alimentación animal en Galicia*. Santiago de Compostela.
- Consellería de política agroalimentaria e desenvolvemento rural (2003). *Anuario de Estadística Agraria 2000*. Santiago de Compostela.

- Coque Martínez, J. (1999): "Industrialización en el entorno local a través de (sociedades) cooperativas". *REVESCO-Revista de Estudios Cooperativos*, nº 68.
- Galbraith, J.K. (1968). *Capitalismo americano:el concepto de poder compensador*. Ariel.Barcelona.
- García Alonso, J.V. (1999): "Las sociedades cooperativas de iniciativa social como potenciales agentes de desarrollo en el ámbito local".*REVESCO-Revista de Estudios Cooperativos*, nº 68.
- Jordán Rodríguez, M. (1998): *Cooperativas de explotación en común de terras e gando leiteiro en Galicia*. Servicio de Publicacións, Universidade de Santiago de Compostela.
- Jordán Rodríguez, M. (2002): "Particularidades de las condiciones laborales en las empresas de trabajo asociado". *CIRIEC-España*, nº 42.
- Morales Gutierrez, A.C. (2002) « La construcción de capital social a través de la economía social :el caso andaluz». *REVESCO-Revista de Estudios Cooperativos*, nº 78.
- Orellana, W.E. (2002) "El control en las empresas de trabajo asociado. Revisión crítica, desde una perspectiva de agencia, de los principales mecanismos de control, y análisis de sus repercusiones organizativas", *CIRIEC-ESPAÑA*, nº 42.
- Tannenbaum, a., Cook, h. y Lohmann, J. (1984) *Research Report : The Relationship of Employee Ownership to the technological Adaptiveness and Performance of Companies*, Survey Research Center, University of Michigan.
- Xunta de Galicia (2004): *Libro Blanco do Cooperativismo en Galicia* .Santiago de Compostela.
- Xunta de Galicia (2005): *Plan Estratéxico para o Cooperativismo*. Santiago de Compostela.



## Nota

Francisco Bello Bello

# A opinión dos axentes de representación no medio rural

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumo** Nunha primeira faseponse de manifesto o feito de que se están a retirar axudas públicas a explotacións galegas o cal é de enorme importancia social, económica e territorial, xa que en Galicia o sector rural ten unha enorme importancia en todos estes ámbitos. Proponse a posta en marcha de instrumentos que permitan reubicar na sociedade actual o papel do medio rural e do sector agrario en particular. Plantéxanse unha serie de suxerencias a ter en conta para incrementar a efectividade do novo plan de desenvolvemento rural 2007-2013

**Palabras chave** Axudas o sector agrario · sociedade rural · plan de desenvolvemento rural.

**Abstract** The first part of the paper highlights the fact that State aid to Galician farms is being withdrawn. Such an action is extraordinarily important from the social, economic and territorial perspectives because the importance of the rural sector in these fields is extremely high in Galicia. Our contribution suggests implementing instruments that help redefine the role of rural areas and of the agricultural sector in the current society. A series of suggestions are made aimed at increasing the effectiveness of the new Rural Development Plan 2007-2013.

**Key words** Aid for the agricultural sector · Rural Society · Rural Development Plan.

Boas tardes e moitas gracias os organizadores pola invitación a participar neste curso de verán.

---

Francisco Bello Bello  
Secretario Xeral Técnico de Xóvenes Agricultores - ASAJA Galicia  
Avenida de Lugo, 217 Baixo, 15703 Santiago de Compostela  
Tlfn: 981552470  
e-mail: xxaa@xovenagricultor.org

Segundo o programa hoxe toca falar de socioeconomía rural. Antes de nada debo recoñecer que para un representante dunha Organización Profesional Agraria que defende os intereses de profesionais do agro resulta difícil abordar o tema proposto dun xeito sosegado e sendo concreto nos argumentos. Entre outras cousas porque normalmente cando se alude a palabra "socioeconomía" ou a "criterios socioeconómicos" e en negativo, e decir, para menguarnos un pouco máis as nosas xa de por sí baixas rendas dado que estamos acostumados a que dende as institucións tanto europeas como nacionais como autonómicas se utilicen argumentos baseados en criterios socioeconómicos para reducir os incentivos e apoios que a actividade agropecuaria europea en xeral e galega en particular precisa para ser competitivos no chamado mercado global sen ter en conta que na maioría das ocasións non basta con utilizar únicamente criterios socioeconómicos para entender os procesos agrarios.

Pero centrándonos en Galicia, compre lembrar que os territorios rurais representan máis dun 90% do espacio galego. O 72% dos concellos non superan os 100 habitantes por km<sup>2</sup> elevándose o 91% na provincia de Ourense seguida de Lugo co 89,6%. Estes datos tradúcense na elevada perda de poboación do medio rural en favor do urbano dándose ademais a circunstancia de que na franxa costeira galega concentrase o 70% da poboación, o 75 % do emprego e o 75% da industria.

Este fenómeno migratorio vese agravado polo feito de que as mulleres emigran máis cos homes. Este problema acentúase debido ós tramos de idade concretos nos que se producen esas saídas de poboación. Así, a poboación que opta maioritariamente por abandonar as aldeas é a máis nova, sobre todo no caso das mulleres. Nesta situación a natalidade contraese, alimentándose polo tanto a decadencia demográfica no medio rural.

E preciso manter e, a ser posible, desenvolver un tecido económico dinámico nos pobos. É necesario afortalar un modelo de vida rural baseado en actividades competitivas que garantan un nivel de vida equitativo que respete o

medio ambiente e ofrezca produtos “sanos” e de calidade ós consumidores e rendas estables ós seus habitantes.

A situación da economía e do emprego no sector agrícola, padece dunha constante redución de efectivos, se ben continúa sendo a principal actividade en moitos concellos.

Tamén e algo por todos coñecido que a evolución das zonas rurais amosa unha drástica diminución do número de explotacións agrarias e de persoas empregadas nas actividades propias da agricultura e da gandería. En termos de renda e de emprego rexionais, a agricultura deixou de constituir a base principal da economía rural.

O ritmo de creación de empregos é menor nas zonas rurais ca nas urbanas, aínda que os problemas de desemprego son tamén menos evidentes. Esta menor incidencia do desemprego en zonas rurais obedece ó menor número de habitantes, á emigración e á posibilidade de compaxinar varias actividades complementarias á agricultura.

Xa fixen referencia á ameaza de despoboamento e ó éxodo cara ás cidades, atribuídos á baixa rendibilidade da agricultura, ó escaso tempo de ocio, así como á percepción de que o traballo no campo proxecta unha imaxe degradante, de baixo nivel, e de vida dura e sacrificada.

Así pois, nunha primeira reflexión diría que é preciso perseguir a xeración de emprego e de valor engadido e, consecuentemente, a fixación de activos xóvenes. Para elo resultará imprescindible demostrar a viabilidade técnica e económica das actividades agrarias e das anexas á agricultura ou o medio rural. Só así, coa posibilidade certa de acadar un nivel de vida digno para as súas xentes, o mozo/a rural, coa súa cultura e tradicións permanecerá no agro.

Naturalmente —e nunca nos cansaremos de insistir no mesmo— para levar a bó porto estes propósitos toda a sociedade debe saber e recoñecer o papel que os habitantes do medio rural deben desempeñar nas novas políticas que se diseñen, non so en materia agraria senon tamén, e cada vez máis en materia de desenvolvemento rural.

Dende Xóvenes Agricultores temos certas esperanzas en que o plan estratéxico, 2007-2013, de desenvolvemento rural que está a elaborar o MAPA, poida rexenerar a economía rural inxectando os fondos necesarios para os eixos que o programa europeo establece e se poidan levar a cabo con éxito en Galicia, algo que tamen dependerá en gran medida do esforzo presupuestario que se realice dende aquí.

Como anteriormente decía os habitantes do medio rural son os principais activos con que contamos, a súa labor e insustituíble na conservación da natureza e na adecuada estruturación do territorio, conservando unha cultura

tradicional de relación coa natureza formada o traveso dos séculos e que é un valor a preservar tanto como o paisaxístico o arquitectónico ou o gastronómico, e sin esquecermos de que ademais os agricultores e gandeiros cofinanciamos os programas de desenvolvemento rural, polo tanto as actuacións que se levan a cabo deberán contar cun amplo apoio e consenso social, - aproveito a ocasión para pedir a Administración galega que teña en conta as aportacións das OPAs na confección e posterior aplicación do PDR de Galicia.

Pero como representante dunha Organización Profesional Agraria integrada por miles de profesionais do agro, non quería pechar esta breve intervención sen repasar as debilidades concretas do sector agrario galego:

A falta de man de obra.

O desfase nos prezos de inputs e outputs.

A desaparición de servizos e equipamentos.

A dificultade de acceso a terra dispoñible.

A normativa medio-ambiental.

A normativa do solo.

Os investimentos desmesurados.

A disfuncionalidade con certas actividades ligadas ó rural (turismo, uso residencial, enerxía, etc.)

O descubrimento das potencialidades propias.

A excesiva burocracia.

O baixo nivel formativo dos axentes implicados.

E como antes sinalei o desprestixio histórico da actividade agraria.

Polo tanto, e como conclusión, todos os esforzos deben dirixirse a manter as rendas dos profesionais da agricultura, gandería, forestal, etc. así como soste territorios rurais vivos, ricos pola súa diversidade e os seus costumes e fomentando actividades á medida das necesidades e das expectativas dos profesionais do agro, en particular, e dos habitantes do medio rural en xeral.

Non debemos esquecer que os habitantes do rural non son os únicos que se benefician do entorno dun mundo natural. Este mundo natural beneficia ás empresas, ós consumidores e á sociedade en xeral.

## Relatorio

Xoán Carlos Carreira Pérez

# A experiencia na formación dos técnicos agrarios

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumo** Plantexase a importancia da crise do sector agrario e a súa influencia na demanda de formación por parte da sociedade de titulados nos sectores agrarios. Reflexionase sobre os roles e características dos agricultores do futuro e como estas van a determinar a demanda de formación para os alumnos. Para poder coñecer cales son as características dos alumnos formados na Escola Politécnica Superior de Lugo amósase o traballo de máis e 1000 enquisas realizadas os recién titulados antes do ano 2004. Os resultados poñen de manifesto que o grande esforzo formativo non está perfectamente involucrado cos sectores os que van destiñados a exercer a súa profesión os novos enxeñeiros.

**Palabras chave** crise do sector agrario · formación universitaria · escola de enxeñeiros rurais · avaliación da docencia

**Abstract** In this presentation, we focus on the importance of the agricultural sector crisis and its effects on society's demand for specific education for graduates in agricultural sectors. We reflect on the roles and characteristics of future farmers, which will determine the demands of education for students. In order to know the characteristics of the students trained at the Higher Polytechnic School of Lugo (*Escola Politécnica Superior*), we present a study consisting of more than 1000 surveys that was conducted among recent graduates before 2004. The results reveal that there is not a perfect link between the large educational effort made and the sectors in which young engineers will work.

**Key words** Agricultural Sector Crisis · University Education · School of Rural Engineering · Teaching Evaluation

A formación universitaria dos técnicos e técnicas agroforestais non é allea ao propio desenvolvemento do sector polo que sería un erro analizar a situación da formación universitaria sen aproximarnos aínda que só sexa moi por riba, á situación do sector agroforestal en Galiza.

Creo que ninguén poñerá en dúbida que o sector agrario está atravesando ( se cadra sería mellor dicir atravesou) unha profunda crise que aínda que se deu dun xeito moitas veces silencioso non deixa de ser dunha enorme magnitude e que, ao remate, ofrece un panorama radicalmente diferente do de hai só un cuarto de século. Esta crise supuxo unha diminución brutal da poboación activa agraria xa que en vinte anos pasou de preto de medio millón de persoas a pouco mais de cen milleiros.

Esta crise ten moitas vertentes e moitos puntos de análise. A respecto do que hoxe nos ocupa vou a salientar tres:

a.- En primeiro lugar a crise trouxo un despoboamento do medio rural e abortou a sucesión nas explotacións agrarias. A maioría delas desapareceron e, sobre todo, quedaron sen continuidade xeracional. Este feito dáse tanto nas pequenas explotacións como naquelas que puideramos chamar viábeis. Así hai un sector de xente moza que, aínda que puidera ter un medio de vida na súa explotación agraria, decide, por si mesmo ou impulsado pola familia, buscar medio de vida fora do sector. Esta situación lévanos ao seguinte:

- A falla de alumnado nas carreiras de carácter agroforestal que proceda do sector é dicir aquel que obxectivamente estaría máis interesado nunha formación técnica universitaria

- O desinterese por seguir mellorando tecnicamente as explotacións

- A perda de atractivo da vida no medio rural

- O feito de que como causa ou consecuencia (ou ben as dúas cousas dende unha perspectiva dialéctica) a Administración reduciu significativamente a súa intervención no sector e eso afectou a unha profesión moi dependente daquela e que naceu e viviu durante preto de 150 anos como un corpo administrativo e intervencionista

b.- En segundo lugar a crise afondou no escasa valoración da profesión agraria. A perda de expectativas e autoestima xa existía tradicionalmente nun no que non era doado acadar o éxito económico, mais esta crise que case podemos volver chamar finisecular incidiu nesta valoración por comparación e porque os ingresos económicos das explotacións permitiron buscar alternativas de estudo e de traballo fora do sector. O estudo contribuíu cando menos subxectivamente, e neste caso negativamente para o sector, á mobilidade social ascendente

c.- En terceiro lugar o desenvolvemento económico do sector agroforestal fixouse sobre a base do monocultivo. A especialización productiva no sector gandeiro, sobre todo lácteo, que hoxe xa representa preto de dúas terceiras partes da PFA e o eucalipto (e o piñeiro en menor medida) que supoñen preto do 90% das cortas no sector forestal, tivo como consecuencia o esborrallamento doutros sectores mais tradicionais e para os que os técnicos xa a penas servían. Podemos dicir que este desenvolvemento non foi autoxerado senón en certa maneira inducido dende o exterior, con técnicas e procesos importados e con moi pouca achega propia ao que hoxe en día podemos chamar I+D. Así nin se desenvolveron industrias agroalimentarias fortes, nin industrias de insumos. Somos meros compradores de tractores, maquinaria, abonos ou mesmo sementes. Temos fracasado na formulación dun potente sector agroindustrial tanto no sector do leite como no da carne e en case que todas as producións agrícolas agás excepcións e dedicámonos a exportar materia prima sen transformar, de moi pouco valor engadido, mentres importamos dende queixos a conservas vexetais.

Para isto os técnicos/as a penas fan falla, só se necesitan bos axentes comerciais.

Pero á crise do sector en Galicia veuse engadir a propia crise do concepto de agricultura, gandeira ou produción forestal a nivel mundial e polo tanto do papel das persoas que traballan no sector, entre elas os/as técnicos/as agrarios/as. Non hai moito comezouse a falar da multifuncionalidade na agricultura (no ano 1995 coa axenda 21 e no Cumio de Luxemburgo en 1997). En 1998 definíse como “a característica dunha actividade económica (agricultura) que produce resultados e efectos múltiples e interconectados”.

Estamos pois en plena redefinición das interacción entre o rural e o urbano, un novo enfoque se cadra do que en Galicia coñecemos como o vello conflito vila-aldea, e que hoxe se empeza a coñecer como novas ruralidades.

En resumidas contas, como lle escoitei dicir ao profesor Oliveira Baptista estase a pensar se a agricultura ou a explotación forestal é só unha actividade para producir alimentos ou materias primas ou se agora mesmo tamén é (e debe selo no futuro) unha actividade que presta servicios

que poden e deben ser valorados. Non vou entrar a fondo nesta cuestión de grande calado mais habería que pensar se para a sociedade é mais rendíbel ter un actividade agroforestal subvencionada pero que conserva o medio, a cultura e a paisaxe que unha actividade agroforestal rendíbel en termos de mercado pero que despois esixe o gasto dos cartos públicos para que a administración “corrixa” a destrución que provoca do medio ambiente, da paisaxe e dos valores culturais.

A esta crise xeral incorpóranse os técnicos/as agrarios coa súa propia crise que eu resumiría en tres aspectos:

a.- O seu novo papel no sector derivado por unha banda da cada vez menor dependencia da Administración e polo tanto o abandono do seu papel funcionarial, extensionista (ou “misioneira” entre os “pobres labregos incultos”) e pola contra do incremento do seu papel cada vez máis ligado a empresas ou cooperativas dirixidas por persoas altamente cualificada tecnicamente

b.- O seu papel na redefinición da agricultura a nivel mundial, nun sector agroforestal multifuncional, se cadra produtor de servicios como xa temos indicado..

c.- Por fin o seu novo papel nun sector que cada vez se diversifica mais. Non hai moito o concibiase a explotación agraria como un conxunto e polo tanto o apoio tamén a Administración asumía a actividade agraria como un todo: productora, seleccionadora de variedades, constructora das infraestruturas que necesitaba, mesmo industrializadora dos seus propios produtos a traveso da produción artesanal de queixos, chourizos ou viño, etc.

Hoxe cada unha destas actividades é unha galla da actividade agroforestal de enorme envergadura, con vida e dinámica propias que moitas veces nada ten que ver coas outras pólas da actividade agroforestal. Neste contexto o vello debate entre formación xeralista e formación especialista pasa a ter especial intensidade. ¿Somos capaces de manter unha formación xeralista asumindo o saber necesario en todas as ramas que aínda forman parte das nosas competencias? ¿E bo agora mesmo unha excesiva especialización que nos faga perder a visión de conxunto e que nos quite versatilidade? Posiblemente este debate, coma a partida de brisca que xogaba o cura no conto de Anxel Fole, estará permanente inacabado.

Feita esta longa introducción que mais ben é unha pequena aproximación ao estado da cuestión sería ben pasar a falar en concreto da formación dos técnicos agrarios en Galicia e moi concretamente na EPS a mais grande e antiga das escolas agroforestais do sistema universitario galego, posiblemente a mais completa e que ten proporcionado por primeira vez en Galiza, unha nova xeración de dirixentes no sector agroforestal formados no país

Durante o ano 2004 e co fin de conseguir datos para realizar o libro branco das titulacións agrarias e forestais realizouse unha enquisa entre os titulados/as dos últimos cinco anos. Dado o elevado numero de respostas (preto de 1000) consideramos que os datos poden ser representativos.

Unha análise das necesidades de formación que expresan as persoas enquisadas dinos que os/as titulados/as creen

que o máis importante é a formación daquelo no que traballan. Así os/as que traballan no ámbito da produción vexetal creen que o máis importante é a formación en Tecnoloxía da produción vexetal (cultivos, horticoltura e fructicultura) á que sitúan en primeiro lugar mais a formación neste ámbito temático é pouco importante para aqueles/as que traballan en consultarías e/ou proxectos que o sitúan no poso vinte en canto á importancia.

Así mesmo os titulados/as detectan un déficit de formación nestes terreos segundo cal sexa o campo no que se desenvolve o seu traballo. Volvendo ao mesmo exemplo para aqueles/as que traballan no eido da produción vexetal a formación recibida neste ámbito temático foi escasa (esta menos valorada que a importancia que ten) e sen embargo aqueles/as que traballan en Proxectos e consultarías consideran que recibiron máis formación da que precisan.

O mesmo exemplo podíamos poñer coa valoración da formación recibida en proxectos e que está situada en primeiro lugar (en canto á importancia para o seu traballo) naquelas persoas que o desenvolven en consultarías mais os/as que traballan en produción vexetal sitúana no posto 8 ou 10 e consideran que recibiron máis formación que a necesaria.

Podíamos concluír nun primeiro momento que se debería incrementar a formación específica nas especialidades. Isto podería ser unha boa opción se os titulados/as de cada especialidade atoparan traballo de xeito moi maioritario nos ámbitos da súa especialidade mais isto non é así. En termos xerais só o 48% traballa en empregos específicos da súa titulación, mentres que a outro tanto (46%) a titulación servíulle para o acceso mais non traballa en temas específicos da súa especialidade.

Estes datos poden ser un exemplo característico de botella medio chea ou medio valeira segundo se mire. A amplitude e versatilidade destas carreiras é unha caracter definitorio das mesma. Ate aquí seguro que estamos de acordo, mais se é bo ou malo que a xente encontre traballo en temas que non son específicos da súa titulación xa é outro debate. En todo caso é unha realidade e para servirla posiblemente a intensidade da formación nos distintos ámbitos deba situarse nun punto medio. Aínda que sexa insuficiente para aquelas persoas que van traballar nos temas específicos (de acordo coa súa opinión) e excesiva para quen non traballa neles (segundo a súa opinión) parece que a opción, con matices e correccións, é bastante axeitada.

Polo que respecta ás competencias de tipo transversal, son aqueles/as que se dedican a proxectos e consultaría e, sobre todo, os/as que se dedican a traballos de desenvolvemento rural e ordenación do territorio os/as que dan máis importancia a capacidade de planificar e elaborar traballos, estudos técnicos e proxectos de enxeñería e mesmo a capacidade de planificar e elaborar traballos de I+D. É significativa a importancia que se lle da a este último aspecto entre as persoas que traballan en industrias agroalimentarias como se nos quixeran dicir que é neste sector onde máis I+D se demanda, ademais do da ordenación territorial.

A experiencia laboral mediante convenios Universidade-Empresa e a experiencia en intercambios internacionais non é considerada en xeral das máis interesantes para ningún sector de emprego, sendo os titulados de segundo ciclo no ámbito de proxectos e desenvolvemento rural quen máis importancia lle dan. Posiblemente esta situación teña cambiado algo ou vaia a cambiar nos últimos anos e é en certa maneira contradictoria co feito de que exista un número significativo de persoas (7% de media que pode acadar o 16% nalgúns especialidades) que encontran traballo a traveso de prácticas en empresa

Outro aspecto interesante é o papel das chamadas materias básicas. En xeral, como é lóxico as persoas enquisada non as consideran moi importantes para o desenvolvemento do seu traballo, mais así mesmo, en xeral, non considera que exista nin déficit nin exceso na oferta formativa destas materias. Curiosamente aínda que non sorprendentemente, a lo menos para quen escribe, dáselle máis importancia á materia básica en persoas con titulacións de segundo ciclo. En todo caso os fundamentos da produción vexetal e animal (Fisioloxía, mellora, protección, nutrición animal, ...) sí son considerados importantes naquelas persoas que traballan neses ámbitos temáticos.

Finalmente todos os/as enquisados consideran que hai un déficit importante de formación no ámbito da política e lexislación.

Polo que respecta ás enxeñerías de montes e forestais os campos de traballo son menos diversificados. Podíamos agrupalos en tres. Case unha terceira parte (29 %) encontra traballos relacionados coa silvicultura, ordenación de montes, piscicultura e repoboacións. Case un 20% traballa en consultarías e proxectos e un 14 % en xestión ambiental. O resto diversifícase en distintos tipos de emprego.

Aquí pódese facer a mesma consideración que en agrícolas-agrónomos. Aquelas persoas que traballan no ámbito temático da silvicultura consideran que este tipo de materias, xunto coas de repoboacións forestais, ordenación de montes, etc. son as máis importantes para o seu traballo e consideran que existe un déficit de formación. Pola contra as materias básicas ou outras como construción e electrificación se consideran pouco necesarias e mesmo con un "exceso" de formación. Non opinan así, sen embargo, aqueles/as que traballan en consultarías e proxectos. Para quen traballa na xestión de recursos naturais, a ecoloxía e impacto ambiental é o máis importante para desenvolver as súas funcións e detectan un importante déficit de formación.

Polo que respecta as competencias transversais tamén se consideran máis importantes a capacidade de planificar e elaborar estudos, traballos técnicos e proxectos que a experiencia internacional ou a laboral por convenios Universidade-Empresa. A capacidade para planificar e elaborar traballos de I+D non acada aquí a importancia que se lle da nalgúns empregos típicos da enxeñería agrónomica.

Un aspecto importante que nos permiten analizar as enquisas é o xeito de atopar emprego. Máis do 50% faíno a traveso de iniciativa propia ou de contactos persoais. Os

mecanismos de axuda de busca de emprego ou as practicas en empresa xogan un papel que non é moi significativo aínda que pode ser significativo nalgún caso.

En canto ao nivel de emprego parece ser alto, se ben preto dun 6% estaba no paro e levaba mais dun ano buscando traballo. Se nos fixamos no tempo que se tarda en atopar o primeiro emprego hai que salientar que practicamente o 60 % atópao antes de seis meses despois de rematar a carreira mais tamén un 7% tarda mais de dous anos. Estes datos tamén admiten valoracións. En todo caso a elección da carreira dun xeito vocacional, non só inflúe no tempo quen se tarda en rematala senón tamén, ao parecer, no tempo que se tarda en atopar un emprego. Así entre as persoas que escolleron estas carreiras como primeiro opción a porcentaxe de persoas que levan mais dun ano buscando emprego é só do 4% , sen embargo esta porcentaxe disparase ate o 10% entre aquelas persoas que non a escolleron en primeira opción.

En canto ao tipo de empresas nas que traballan os titulados/as destas carreiras destaca o peso aínda importante da Administración máis xa se abren outros campos como o da I+D, aínda minoritario (7%) . En todo caso o máis salientábel, ao meu xeito de ver, é o feito de que case ninguén se emprega xa no sector productivo directo (5%) e moi poucos nas industrias agrarias ou forestais (7%) . O emprego está vinculado sobre todo ao sector servicios, onde as enxeñería teñen un peso moi importante (31%).

Esto, como se pode observar, non deixa de ser unha radiografía da situación actual do sector que se complementa coa análise do tamaño das empresas empregadoras. Observase que as de maior tamaño son as industrias e a administración e que son as empresas de enxeñería as de maior dimensión entre as de servicios. Pola contra tres cuartas partes das empresas dedicadas directamente á produción teñen menos de 15 empregados/as.

Estes datos, en resumidas contas, dannos a pista para centrar os temas dun debate ao que como xa dixen antes non lle vexo trazas de rematar nunca (se cadra aí está a súa grande virtude e potencial).

a.- primeiro tema de debate xa o apuntei con anterioridade é o da especialización fronte a formación xeralista. As empresas parecen querer unha formación mais deste ultimo tipo que proporciona versatilidade, a posibilidade de reconversións e formación específica para as necesidades concretas da empresa (súper-especialización) . Así nas enquisas realizadas ás empresas para elaborar o libro branco destas titulacións, aquelas consideran que o máis importante nun técnico/a agrario ou forestal é que dispoña dunha formación universitaria xeral na súa titulación con capacidade de adaptación a distintos postos da empresa e o segundo que dispoña de capacidade xeral para a adquisición de habilidades prácticas concretas na propia empresa.

O alumnado normalmente ve as cousas de distinta maneira. Quere especialización porque pensa que canto maior sexa esta mais vai saber e ten a va ilusión de así terá mais seguridade cando empece a traballar.

Se temos que preparar á xente para o mercado laboral e este prefire xeralismo podiamos dar por rematado o debate senón fora porque formación xeralista e formación especializada son conceptos cualitativos e non é doado saber onde está o limite entre ambas. Posiblemente nunca o saberemos porque o mundo é cambiante e os limites tamén.

b.- En segundo lugar hai que abordar o debate sobre a duración dos estudos intimamente ligado ao anterior. ¿En cantos anos é posible que unha persoa adquira unha formación que o capacite para entrar no mercado laboral? Boa pregunta se fora doado contestala, mais non o é. Poderiamos pensar que depende se a formación é mais xeralista ou mais especializada, mais isto non é así. Unha formación excesivamente xeralista podería darse en poucos anos, mais unha formación xeralista algo mais intensa posiblemente necesite carreiras de ciclo longo. O mesmo se pode dicir da especialización. Unha súper-especialización posiblemente podería darse en carreiras de ciclo corto, mais unha especialización mais intensa ou menos centrada nun aspecto concreto obrigaría a carreiras de ciclo longo. Total que tampouco aquí avanzamos nada. Menos mal que parece que o tema nos vai quedar resolto por decreto.

c.- O terceiro grande tema de controversia nunha titulación como a nosa é o seu caracter “enxeñeril” fronte o caracter “científico”, debate que tamén ten moitas arestas. Así unha delas podería ser a importancia que se lle debe dar a formación en materias básicas fronte a formación en materias específicas que á súa vez forma parte do debate entre formación xeralista e especializada. Nunha carreiras coma a nosa onde existe un papel moi grande dos dous aspectos o debate tampouco ten unha solución doada e mais agora cando a I+D+i nas empresas e na sociedade vai ser potenciada (agardamos que sexa así) xa que os investimentos da Unión Europea nos próximos anos van ter fundamentalmente ese destino.

d.- O cuarto eixo dos debates é a intensidade e o tipo de formación práctica que debemos dar. Partindo da premisa de que formación práctica é necesaria e que nas nosas carreiras representa hoxe preto do 50% do total da docencia , ¿qué tipo de formación práctica debemos dar?.

O alumnado acostuma a confundir practica con habilidade. Para eles/as ter unha boa formación practica é adquirir habilidade nunha técnica concreta (saber manexar un aparato topográfico, conducir un tractor, preparar unha disolución,...). Mais a habilidade é algo que só se adquire co tempo e dispoñemos de demasiado pouco durante a carreira. Sendo así ¿ que tipo de practicas debemos dar?. Partindo que se debe coñecer e practicar no posible as técnicas que se consideren necesario, ¿ deben ser as practicas estadias ao estilo doutros países en lugar de practicas parcializadas por materias? ¿ debemos deixar a adquisición de habilidades para unha formación posterior na empresa ou en posgraos específicos?.

e.- Por fin o último eixo do debate ao meu entender está no papel da Técnica con maiúscula. Hai quen pensa que a Técnica ou a Ciencia é neutral mais eu non son deses. A Técnica nunca é neutral, sempre está ao servizo de intereses sociais, económicos, políticos, por eso a formación técnica debería incluír, ao meu modo de ver, unha certa formación social, humanística e económica. As nosas carreiras xa a teñen en parte por aquela visión “redentorista” do medio rural co que naceron e se desenvolveron. Sería bo adecuala aos tempos actuais, mais non falta quen considere que eso da socioloxía rural, a historia agraria ou a política agraria son meros adornos dos que se pode prescindir.

De cara ao futuro cabería continuar con estes debates. Para resolvelos nin hai receitas, nin solucións permanentes no tempo. Haberá que afrontalos nunha revisión continua á que estamos abocados para alegría duns e descontento doutros.

Pero ao mesmo tempo cabería botarse para fora co fin de ollar o bosque no que estamos metidos ese que as árbores non nos deixan ver, non vaia ser que o tempo teña pasado e o bosque xa non sexa o mesmo, porque as árbores morreron, naceron, perderon (ou ganaron ) follas ou cambiaron de cor. Vou tratar de ollar outra vez o bosque da noso sector agroforestal.

En máis dunha ocasión temos escoitado que un país, Galiza neste caso, debe aproveitar as súas vantaxes comparativas. ¿Poñer en valor, como. se di agora, a agricultura tradicional significa actuar neste camiño?.

Moitas veces a reivindicación de conservar os noso bosques, o noso patrimonio etnográfico, a nosa paisaxe, a nosa agricultura, a nosa gandería faise dende unha perspectiva conservadora (mais que conservacionista). Sen embargo hai outra visión que pode unir a valorización das prácticas agrícolas tradicionais coa modernidade e o futuro xa que aquí podemos ter unha vantaxe comparativa.

O modelo de intensificación xeradora de excedentes, o modelo de gandería e agricultura industrial que quedou duramente cuestionado coa crise das “vacas tolas” pode que teña os días (ou anos ou decenios) contados no noso contorno xeográfico. Por elo aqueles soutos que non foron destruídos gracias ao atraso económico, e que seguen poboando aínda unha parte importante das nosas serras orientais pode que agora sexan un ben estratéxico dende o punto de vista económico.

O mesmo poderíamos dicir da nosa agricultura tradicional. Nun contexto de reconversión ou evolución cara unha produción respectuosa co medio e garante de calidade e seguridade alimentaria, chamémoslle ecolóxica en sentido amplo, a pervivencia aínda das prácticas de agricultura tradicional en Galicia pode ser unha vantaxe comparativa. Non vou insistir nos aspectos positivos destas prácticas (outras persoas poderán facelo mellor ca min), sen embargo se cadra ten interese lembrar algún sen ser exhaustivo:

A importancia da fertilización orgánica e os seus beneficios sobre o solo fronte aos excesos da fertilización mineral parecen hoxe evidentes.

A existencia de sebes que serven de refuxio a fauna que axuda a controlar pragas pode facer que mesmo agradezamos que en algures non chegaran determinadas prácticas de reordenación da propiedade que se aplicaron nunhas concentracións parcelarias.

A utilización de variedades autóctonas se aínda estamos a tempo de conservarlas e recuperarlas pode permitir unha oferta de produtos diferenciados recolectados en temporada.

En todo caso a concepción da agricultura tradicional como unha posible vantaxe comparativa de Galiza significa reflexionar sobre algunhas cuestións que me atrevo a formular aquí sendo consciente que non deixan de ser en certo modo unha herexía pero como sabedes a penas houbo avances sociais e científicos que non naceran unha teoría que nun principio foi considerada herexía. Non quero dicir que este sexa o caso, mais s axúdame a reflexionar en alto.

a.- A primeira reflexión que me fago e vos fago é de se o minifundio segue a ser, no século XXI, un problema para o desenvolvemento agrario de Galicia. O mais moderna das agriculturas convencionais é hoxe a chamada “agricultura de precisión” e/ou a “rega por goteo” que discrimina as labores, a rega, e tratamentos a dar, etc. en función non xa da parcela senón de cada parte da parcela. Os tractores guiados por satélite e demais avances, poden cambiar mesmo as doses de tratamentos, abonado, densidade de semente, etc.. segundo por onde estean a traballar. Claro que estamos falando de parcelas de centros de Has nunha agricultura altamente tecnificada. Mais pensando un pouco ¿non resposta o minifundio a unha adaptación ao medio ademais dunha necesidade social que levaba á división da propiedade?, ¿Non é o minifundio, en certa maneira, unha agricultura de precisión, feita, eso sí, a base dun enorme esforzo humano? Xa que logo non valerá a pena coñecer por qué se dividiu o territorio do xeito que se fixo ao longo de tantos anos? ¿non será reconvertibel nunha “agricultura de precisión” á galega e polo tanto un punto de partida para coller o sendeiro da modernidade dando un salto no tempo?.

b.- En relación co anterior non teño claro se debemos seguir cifrando as nosas esperanzas de desenvolvemento agrario no sector lácteo e gandeiro e/ou. Dada a evolución, os cambios nos hábitos de consumo (co avance da alimentación baseada ou máis orientada cara os vexetais ), dados os problemas de saúde que xera unha alimentación que produce taxas alarmantes de obesidade ¿Non será o momento de apostar estratéxicamente, de novo, pola produción agrícola agora dende unha perspectiva ecolóxica en sentido amplo, tomando a dianteira neste terreo nun mercado que vai seguir expandíndose sen parar nos próximos anos? ¿Debemos enfocar a formación dos técnicos/a agrarios neste camiño?.

c.- A terceira das reflexións ten que ver cos avances de I+D+i no sector agrario. ¿Non será máis útil recoller o que os labregos e labregas investigaron (sí, investigaron ou experimentaron, como queirades) a traveso dos tempos e que ate de agora desprezamos como atraso? Tivo que ser Abel Bouhier, quen demostrara claramente a tremenda

eficacia dunha prácticas agrícolas que usaban do xeito máis sustentábel posíbel os recursos dispoñíbeis. Este saber aproveitar o medio de xeito sustentábel (qué concepto máis vangardista que xa era practicado polos nosos avós) pódese perder na próxima década senón facemos un esforzo investigador para recollelo pois hai unha xeración a punto de desaparecer, mais ¿convenceremos a alguén que esto é realmente investigación, desenvolvemento e innovación?.

d.- Outro aspecto que se está poñendo en cuestión como xa dixen é propio concepto de agricultura., A agricultura tradicional (ou aquela pola que entendo debemos apostar no futuro) xera riqueza paisaxística, descontaminación de solos e augas, etc. como parte do propio proceso productivo e , en certa maneira , indisolublemente unida a el. Sen embargo non é remunerada. Non debería haber dúbidas sobre o feito de que os/as labregos/as deben ser remunerados/as polo sociedade xa que resultados consubstanciais do propio proceso productivo convértense hoxe en bens sociais de enorme valor.

Hai varias formas de remunerar esta función social da agricultura tradicional, dende unha renda básica parcial para aquelas persoas que practiquen determinado tipo de agricultura, ate a valoración do que supón o respecto do medio e da paisaxe e a conservación de recursos naturais .

Por exemplo no Plano Zonal Agro-Ambiental do Parque Nacional da Peneda Gerês, avalíase cal é o custe e como debe ser remunerado o compromiso de utilizar especies locais, cultivar e gardar as sementes en cantidade suficiente para nova sementeira, proporcionar sementes para o Banco Nacional de Germoplasma Vegetal., etc. Tamén se avalía por exemplo cal é custe e como debe ser remunerado o compromiso de mantemento do cultivo en socalcos, incluíndo recuperación de muros de soporte en mal estado de conservación e o mantemento dos que estean en bo estado, etc..

Un recente traballo do profesor Albino Prada confirma unha intuición que xa tiña sobre a dispoñibilidade dos galegos e galegas a pagar pola conservación do medio e en contía nada desprezable, superior mesmo aos doutros países. Non hai pois desculpa para que os poderes públicos non afronten este tema cunha opinión pública tan favorable como amosa o estudio.

e.- A ultima reflexión refírese á agricultura a tempo parcial ou simbiótica en termos mais propios dos economistas galegos. Reflexionemos sobre os seguintes datos: o número de persoas que están inscritos na Seguridade Social Agraria en Galicia son 57000, a poboación activa agraria estimase en 117000 persoas e as Unidades de

Traballos necesarias para obter a Produción Agraria estimanse en 194000. Aquí reflíctese a importancia económica deste tipo de agricultura (que probablemente non recolle axeitadamente o a metodoloxía de cálculo do PIB). Sen embargo, sempre foi considerada como unha agricultura de segundo orde que en nada axudaba á modernización porque non permitía unha profesionalización axeitada paso indispensable para a modernización e intensificación da produción agraria. Mais ¿Segue a ser valido esta análise nun contexto onde moitos labregos e labregas de tempo parcial son precisamente os depositarios/as daquelo que hoxe debemos valorizar? ¿Segue e ser válido hoxe esta valoración da agricultura a tempo parcial cando os seus “defectos” implícitos poden ser hoxe “vantaxes comparativas” ?.

Será ben que deteña as reflexións e as preguntas aínda que quedan algunhas máis. Tan só unha ultima cuestión final. A crise a pesares das connotacións negativas que está tomando hoxe a palabra, non é, en definitiva, mais que un cambio que ofrece sempre unha oportunidade de avance. Por eso se acostuma a dicir que quen supera a crise persoal ou colectiva sae reforzado. Esta posiblemente é a nosa oportunidade.

En resumidas contas, dende o meu punto de vista, a formación dos técnicos, debe orientarse baixo as seguintes premisas:

1.- Non hai dúbida (a lo menos para min) que estamos ao remate dunha crise agraria en Galicia e no comezo do debate para saír dela. A formación dos técnicos debe encadrarse neste contexto.

2.- O papel da agricultura a nivel mundial está cambiando e non pode entenderse xa como unha actividade que só produce materias primas para a alimentación ou a industria, senón unha actividade prestadora de servizos e polo mesmo aquilo que os técnicos deben saber e nos que debemos formalos debe ter en conta esta nova realidade.

3.- A formación dos técnicos debe estar comprometida co país, coa necesidade de I+D, cunha visión social progresista e transformadora.

4.- Os debates sobre formación xeralista fronte a formación especializada, sobre o tipo de formación práctica e sobre a duración dos estudos debe continuar na busca permanente dun equilibrio que sempre será inestable e esixira de novos reequilibrios para adaptarse aos tempos. Hai que fuxir de receitas neste terreo e facer, en cada momento, a análise concreta da realidade concreta (e sen querelo saíume unha cita de Carlos Marx para rematar).



## Relatorio

Luis Ortiz Torres

# A experiencia na formación de técnicos para desenvolvemento rural

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumen** Seguidamente, se hace un repaso a algunos de los temas, actividades y proyectos en los que actualmente participan los alumnos de la escuela en condición de bolseiros o personal contratado, lo cual permite junto con los programas de prácticas en empresas, complementar la formación básica de los planes de estudio vigentes. Por otra parte, se presentan algunos de los laboratorios de investigación, así como plantas piloto y algunos de los proyectos más actuales y relevantes en los que colabora la escuela y que entendemos son una aportación dentro de nuestras competencias para la formación de técnicos cuya actividad profesional se desarrolla en el medio rural.

**Palabras clave** Desarrollo rural · formación superior

**Abstract** This paper summarizes some of the topics, activities and projects in which our students take part as scholars or contracted staff. These projects, together with internships, complement the essential training provided by the curricula in force. In addition, the paper presents some of our research laboratories and pilot plants, as well as some of the most relevant projects in which our school takes part currently, which are assumed to contribute to our competence in training engineers who will develop their professional activity in rural areas.

**Key words** Rural development · Higher education

---

Luis Ortiz Torres  
Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal,  
<http://webs.uvigo.es/lortiz/>  
Campus a Xunqueira s/n. Pontevedra  
Tífono: 986 80 19 00. Fax: 986 80 19 07  
e-mail: [ingenieriaagroforestal@uvigo.es](mailto:ingenieriaagroforestal@uvigo.es)

---

## Actividades del grupo de investigación en ingeniería agroforestal

### Investigación

Arquitectura del paisaje

Restauración de espacios degradados

Conservación EN y biodiversidad

Ordenación de montes y ecocertificación

Desarrollo rural

Energías renovables y planificación energética

Criterios e indicadores de gestión forestal sostenible

EIA, restauración y corrección ambiental

Ordenación y gestión de los recursos cinegéticos y piscícolas

Planificación

### Formación

#### *Presencial*

Ordenación cinegética

Audidores forestales

Diseño asistido por ordenador

Sistemas de información geográfica

#### *Formación on-line*

Auditorías forestales

Gestión medioambiental

---

## Actuaciones

Análisis de necesidades  
 Estudios específicos  
 Creación de estruturas  
 Observatorio ambiental  
 Guía de contenidos E-learning  
 Cursos On-line  
 Plataforma E-learning  
 Formación/sensibilización  
 Realización de cursos  
 Guías de buenas prácticas  
 Manuales  
 Jornadas técnicas

---

## Laboratorio de sistemas de información geográfica

### Xustificación

As esixencias dunha educación de calidade e o compromiso do profesorado e da dirección do centro coa formación, así como a confluencia do sistema universitario co Espazo Europeo de Educación Superior, codúcenos a creación de este Laboratorio de Información Xeográfica, Análise Territorial e Medio Ambiental.

### Obxectivos

Dotar dun espazo que reúna as características reais do panorama laboral co que se van a atopar os egresados.

Perfeccionamento das técnicas aprendidas nas asignaturas da carreira

Coñecemento das novas tecnoloxías no campo dos Sistemas de Información Xeográfica

### Metodoloxía e funcións

Colaboración con entidades públicas e privadas para a realización de traballos nos diversos campos de actuación do laboratorio SIX.

### Campos de actuación

#### *Ordenación territorial:*

Plans de acción territorial  
 Estudos do medio físico

Ordenación de recursos naturais e paisaxísticos  
 Plans de recuperación ecolóxica

#### *Medio ambiente:*

Estudos de avaliación de impacto ambiental  
 Impacto paisaxístico

#### *Espacios naturais:*

Proxectos en parque e espazos naturais  
 Plans de ordenación dos recursos naturais  
 Plans de uso e xestión

Inventarios de fauna, flora e recursos

#### *Medio forestal:*

Delimitación de solos forestais

Inventarios forestais

Proxectos de delimitación de montes

Plans cinexéticos

Estudo de riscos de lumes forestais

Estudos históricos de lumes forestais

Índices de risco de lumes forestais

Estudos infraestructuras contra lumes forestais

Estudios de erosión de solos

Plans de intervención sobre o patrimonio cultural:

Estudo de localización de xacementos arqueolóxicos

Estudo de zonas de influencia de xacementos arqueolóxicos

Inventario de patrimonio cultural

Estudos de ubicación de actividades

Estudos de optimización de actividades

Estudos de impacto ambiental de actividades

#### *Outros:*

Cursos de formación

Elaboración cartografía temática

### Medios técnicos

Material informático

3 PC Pentium IV 3,5Mhz, 1,5 Gb Ram

Plotter Hp Designjet 500

Scanner A3

Tablea dixitalizadora A0 Calcomp

Software (CAD, SIX, Teledetección)

Material de Inventario

Forcípula electrónica MASSER 45GR

Forcípula electrónica MANTAX  
 Hipsómetro VERTEX III  
 Hipsómetros SUUNTO  
 Dendrómetro BLUME LEISS dixital  
 Calibradores corteza

#### Destinatarios

Organizacións públicas ou privadas que demanden os servizos do laboratorio.

---

### Laboratorio de maderas

#### Medios disponibles no taller

Laboratorio con máquina universalde ensaios, cámara climática, planta piloto de secado e vaporización, etc. Taller completo de carpintería e taboleiros. Cabina de aplicación devernices.

#### Labores realizadas nas instalacións

Fabricación de probetas, ensaios de esforzo cortante na liña de adhesivo, ensaios para determinación da resistencia, ensaios para determinación da dureza, ensaios de encolado de produtos, aplicación de acabados, etc

#### Proxectos actuais

Desenvolvemento de produtos de madeira galega

Desenvolvemento de produtos de carpintería: portas de paso, portas de cociña, etc.

Desenvolvemento de produtos específicos: DUO-Lam, TRIO-Lam y KVH.

Produtos de madeira para o exterior.

Desenvolvemento de técnicas de elaboración de produtos

Secado: mellora da calidade e velocidade do secado.

Encolado: ensaios de encolado de pezas de madeira.

Acabados: aplicación de diferentes acabados.

Desenvolvemento da normalización e especificacións de produtos

Caracterización mecánica da madeira de uso estrutural de eucalipto.

Proxecto de Norma Española e a súa documentación xustificativa "Clasificación Visual da Madeira Serrada para Uso Estructural: Madeira de Frondosas".

Apoio á posta en marcha dun edificio singular con madeira de eucalipto.

Estudo e clasificación da durabilidade natural da madeira de eucalipto glóbulus.

Ensaio de resistencia ao lume de madeira de uso estrutural.

Proposta dun selo de calidade de madeira serrada de uso non estrutural.

#### Proxectos anteriores

Organización e xestión do 4th COST E15 Workshop "Métodos para a mellora da calidade do secado".

Estudo de mercado dos produtos laminados.

Participación en diferentes proxectos IBEROEKA:

PROPLANT (1999-2001)

Desenvolvemento dunha tecnoloxía de secado da madeira: presecado industrial e re-acondicionamento por vaporización.

Desenvolvemento de técnicas para realizar unións con adhesivos axeitados para produtos exteriores.

Definición das especificacións da materia prima, produtos intermedios e terminados, como a súa aceptación no mercado para carpintería e moble.

Investigación e desenvolvemento de produtos de madeira sólida de eucalipto e os seus procesos de elaboración.

TECPLANT (2002-2004)

Normalización de madeira de uso estrutural.

Estudo de comportamento a lume.

Especificacións de elementos simples e compostos de estruturas de madeira.

Desenvolvemnto de técnicas de secado polo método vaporización e ao baldeiro con vapor sobrequeitado.

Desenvolmento das técnicas de tintes, fondos e acabados sobre especies de eucalipto.

#### Proxectos futuros

DURAMAD (2005-2007)

Determinación da durabilidade natural da madeira de eucalipto glóbulus.

Estudo de métodos de tratamentos de protección.

Determinación da durabilidade da madeira termo-tratada de eucalipto glóbulus.

Promoción e divulgación dos resultados.

## Planta piloto de enerxías xiloxeradas

### Descrición

A planta piloto de demostración de biomasa foi concibida para a realización tanto de prácticas por parte dos alumnos da EUET Forestal da Universidade de Vigo, como para o desenvolvemento de proxectos de investigación e o acondicionamento e análise de diferentes produtos para industrias e centros de investigación relacionados co tema do aproveitamento da biomasa enerxética.

Trátase dunha instalación de deseño propio, que foi construída en colaboración con empresas galegas e financiada pola Xunta de Galicia.

### Sistema de depuración de po

Á saída do ciclón dispónse dunha serie de recipientes de material textil instalados no interior dunha cámara de expansión, de forma que as partículas de po son almacenadas para a súa posterior retirada do proceso.

### Sistema de dosificación

Consta dunha moega dotada dun sistema de axitación interno para facilitar a fluidez do material a compactar. Na parte inferior da moega existen un par de cargadores que alimentan ata a cámara de compactación da briquetadora. Esta dispón dun dobre cabezal que é alimentado mediante o movemento de pistóns hidráulicos temporizados e dirixidos mediante un autómatas, de forma que se obteñen pezas de material briquetado polas dúas saídas de material de forma alternativa.

### Sistema de control

Toda a planta está totalmente automatizada, de xeito que se pode traballar tanto en sistema normal como automático. Existe un sistema de control de consumo enerxético así como diferentes sistemas de alarmas e control para evitar accidentes e garantir o correcto funcionamento do sistema que se comanda desde un panel de control centralizado.

### Equipos auxiliares

Para complementar a planta piloto, cóntase cunha serie de equipos de laboratorio entre os que cabe mencionar:

**Criba vibratoria:** Permite xerar ata tres fraccións de produtos de diferente granulometría máxima.

**Vibropeneira:** Para o cálculo de curvas granulométricas.

**Muíño:** Para a preparación de mostras de pequena entidade.

**Estufa de secado:** Para o cálculo da humidade dos materiais.

**Mufla:** Para a determinación analítica de elementos volátiles, % cinzas, % carbono fixo.

**Calorímetro adiabático:** Para a determinación de poderes caloríficos dos combustibles manexados.

**Esteladora industrial:**

Trátase dun equipo autónomo capaz de triturar restos forestais e de industrias da madeira que polo seu tamaño e forma son inmanexables para a produción da enerxía.

Ten unha capacidade de produción duns 200 kg/h e está dotada de sistema de alimentación mediante rolos, sistema de coitelas de corte montadas sobre volante de inercia e sistema de expulsión das estelas xeradas.

**Moega dosificadora:**

É un recipiente deseñado para dosificar a estela de forma controlada polo que conta cun sistema sinfín de velocidade mediante motorvariador e un sistema de axitación interna, para facilitar a fluidez das estelas e evitar a formación de bóvedas e atascos.

**Muíño de martelos:**

Equipo de gran potencia dotado dun volante de inercia que porta unha serie de martelos rompedores que ao xirar a gran velocidade producen o impacto coas estelas previamente dosificadas e a fragmentación das mesmas ata alcanzar o tamaño mínimo de partícula desexado. Para regular o tamaño das partículas xeradas o muíño está dotado de catro seccións semicirculares de mallas de diferentes tamaños de orificio, o cal permite obter produtos finos de diferentes calibres.

**Sistema de extracción:**

Unha vez xerado o produto moído, éste é aspirado mediante un electroventilador que o arrastra ata un ciclón onde se separan os produtos finamente moídos do po xerado, para evitar emisións á atmosfera. O sistema de extracción pode regularse a diferentes potencias de aspiración para adaptarse ás necesidades específicas de cada situación. Á saída do ciclón recóllese o produto moído mediante unha electroválvula.

### Proxectos e traballos realizados

Ao marxe das prácticas que realizan os alumnos de EUET Forestal leváronse a cabo, entre outros, os seguintes proxectos e traballos:

**CIS MADEIRA (Xunta de Galicia):** Proxecto de valorización enerxética de produtos da madeira na cadea monteindustria de Galicia.

**ENCE:** Estudos de caracterización físico-químico-enerxética de combustibles sólidos.

**TAFISA:** Estudo da viabilidade de densificación de residuos da industria do taboleiro.

UNIVERSIDADE DE VIGO: Traballos de moenda de restos de zuro de millo para produción de colorantes para produtos alimentarios.



Entidades participantes: Univ. Vigo, Univ. "La Sapienza" Roma, Italia; Univ. Autónoma do Estado de Hidalgo, México

Duración, desde: 10/2001 ata: 10/2004

Investigador responsable: Adolfo Cordero Rivera

Número de investigadores participantes: 7

"Bases para a xestión da herpetofauna do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia: Avaliación do estado de conservación e plans de xestión das especies vencelladas ás augas doces" (072B/2002).

Entidade Financiadora: Organismo Autónomo Parques Nacionais

Entidades participantes: Universidade de Vigo

Duración, desde: 12/2003 ata: 12/2005

Investigador responsable: Adolfo Cordero Rivera

Número de investigadores participantes: 4

"Estimación de diversidade xenética e medidas de conservación en poboacións de especies ameazadas: o caso da tartaruga europea (*Emys orbicularis*)".

Entidade Financiadora: Cátedra Filgueira Valverde/Univ.Vigo

Entidades participantes: Universidade de Vigo

Duración, desde: 12/2003 ata: 12/2004

Investigador responsable: Adolfo Cordero Rivera

Número de investigadores participantes: 3

Páxina web: <http://webs.uvigo.es/adolfo.cordero/index.htm>

## Laboratorio de Ecología

### Actividades

Comportamento e a Bioloxía da Conservación. Tamén se teñen realizado traballos sobre o control biolóxico de pragas agrícolas e forestais. O laboratorio conta co equipamento necesario para análises de ADN (amplificación mediante PCR), microscopía e cámaras de cultivo.

O laboratorio traballa fundamentalmente con insectos, réptiles e anfibios, aínda que tamén se teñen realizado traballos con plantas. O nexo común é a Ecoloxía Evolutiva e a Bioloxía da Conservación, dúas especializacións das Ciencias Ecolóxicas que se teñen desenvolvido a grande velocidade nos últimos decenios.

### Proxectos de investigación actuais

"Aplicación de técnicas moleculares en ecoloxía: selección sexual, evolución do comportamento e conservación" (BOS2001-3642)

Entidade financiadora: Dirección Xeral de Investigación (MCeT)

### Liñas de investigación

Ecoloxía evolutiva e do comportamento

Bioloxía da Conservación

Ecoloxía de pragas

## Laboratorio de Edafoloxía

### Descrición

A responsable do laboratorio de Edafoloxía, Dra. Purificación Marcet Miramontes, así como o persoal que nel desenvolve o seu labor investigador, nos últimos anos fixeron traballos destinados ao estudo da contaminación e degradación dos solos., e dentro desta liña xeral investigouse sobre:

Os efectos do monocultivo sobre a calidade do solo.

A degradación de solos . Contaminación:

Efecto da acción antrópica sobre os solos e sedimentos de marisma.

Efecto do cultivo intensivo sobre o nivel de metais e agroquímicos nos solos.

Adsorción e desorción de metais por diferentes solos agrícolas e forestais.

Os efectos do uso de residuos orgánicos sobre solos agrícolas e forestais degradados.

Na actualidade os traballos que estamos a facer inclúen o estudo do efecto da aplicación de lodos residuais de depuradora de augas urbanas e de piscifactorias sobre solos con baixa calidade, coa finalidade de recuperar a súa capacidade de soste vexetación. E por outra banda estudamos o solo rizosférico baixo diferentes especies forestais da comunidade galega, con especial atención na dinámica de nutrientes e de metais pesados.

Proxectos de investigación financiados nos últimos anos


Aplicación de subprodutos orgánicos (lodos de depuradora) na recuperación de solos forestais degradados. Estudo de fertilidade e contaminación. Cátedra Filgueira Valverde. Universidade de Vigo. 2001-2002

Adsorción de metais pesados por diferentes fraccións do solo. Subdirección Xeral de Proxectos de Investigación Científica e Técnica. Plan Nacional de I+D: 2000-2001-2002

Cambio do uso dun ecosistema forestal a vitivinícola: seguimento da calidade do solo e estado nutricional da vide. Xunta de Galicia. Programa de Recursos Agropecuarios. 2002-2005

Secuencia de selectividade de adsorción e desorción competitiva de metais pesados por solos de Galicia. Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. 2002- 2003-2004

Impacto da marea negra do Prestige sobre a calidade dos sedimentos e solos de marisma. Cátedra Filgueira Valverde. Universidade de Vigo. 2004-2005



Estudo da compoñente alelopática na capacidade invasiva da mimosa (*Acacia dealbata*) no bosque e as plantacións forestais galegas. Xunta de Galicia. Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. 2005 al 2008

### Laboratorio de Producción Vexetal

O laboratorio de Producción Vexetal é a sede do equipo de investigación PV-1, formado por tres investigadores que traballan sobre distintos aspectos do mundo vexetal. Hai dous campos principais de investigación: os liques; e as relacións químicas entre especies vexetais (e tamén con outros organismos). As doutoras Eugenia López de Silanes e Graciela Paz interéñanse polo mundo dos liques, especialmente os que viven en Galiza. O seu traballo é estudar a coroloxía e taxonomía dos liques, a súa capacidade como bioindicadores da contaminación atmosférica e analizaros que medran nos monumentos de pedra. Aínda que os liques son moi abundantes (máis de 900 especies en Galiza e en torno a 15.000 no mundo) e viven preto de nos, continúan sendo pouco coñecidos. Por iso parte do traballo do equipo céntrase na divulgación científica, concretándose fundamentalmente no libro "Guía dos liques de Galicia". Bahía Edicións. 2003

O doutor Carlos Souto interéñase pola ecofisioloxía vexetal, unha disciplina que xunta ecoloxía e fisioloxía, para tratar de comprender cómo se relacionan as plantas entre si e incluso con outros organismos. En concreto o seu é a Alelopatía, é dicir, os efectos que as plantas exercen sobre outros organismos (plantas e microorganismos) cando liberan determinadas substancias químicas ao medio no que viven. Interésanlle especialmente os efectos que producen as especies forestais, e máis concretamente aquelas que foron introducidas en Galiza con fins comerciais e/ou ornamentais, como o eucalipto e a mimosa. Ademais, en colaboración con investigadores da Misión Biolóxica de Galicia (CSIC), o doutor Carlos Souto investiga sobre a resistencia do millo ó ataque do taladro, unha plaga que afecta moi negativamente a este cultivo.

Proxectos de investigación máis recentes

Estudio da componente alelopática na capacidade invasiva da mimosa (*Acacia dealbata* Link) no bosque e as plantacións forestais galegas.

Entidade financiadora: Xunta de Galicia, 2005-2008.

Resistencia del maíz frente al ataque del taladro mediado por factores mecánicos y químicos. (AGL2001-3736) Entidade financiadora: Ministerio de Ciencia y Tecnología, 2002-2004.

Colonización vexetal, estado de alteración e pautas de conservación en elementos pétreos representativos das Ruínas de Santo Domingo. Financiado pola cátedra Filgueira Valverde. Finalizado en maio do 2005.

Determinación da contaminación atmosférica mediante bioindicadores liquénicos na cidade de Pontevedra"

financiado pólá cátedra Filgueira Valverde. En activo.

Flora liquenológica Ibérica.Tercera fase. Subproyecto 3. Financiado póló Ministerio de Ciencia y Tecnología.

### Laboratorio de caracterización de biomasa

Hoy en día, la biomasa residual representa el 35% de toda la energía que se consume en los países del tercer mundo; supone el 3,5% del consumo energético en los países de la OCDE y en todo el mundo 15% del total de energía consumida en el mundo procede de biomasa residual.

El gobierno pretende duplicar la contribución de las energías renovables y pasar del 6% de la aportación actual al 12% en el periodo 2005-2010, siendo la biomasa uno de los recursos renovables con mayor potencial de crecimiento.

El nuevo marco legislativo permite que las centrales térmicas convencionales puedan utilizar biomasa residual en procesos de co-combustión combinando carbón y biomasa. Se permite la cogeneración mixta con gas natural (hasta un 30%).

Por otra parte, debido al incremento de coste del barril de petróleo, hoy en día pueden resultar y de hecho en muchos casos resultan rentables.

Asimismo, la entrada en vigor del Protocolo de Kyoto para reducir las emisiones de CO<sub>2</sub>, que provocan el calentamiento global por efecto invernadero, representa una importante oportunidad para el incremento de fuentes renovables de biomasa, pues en la normativa se establece que las emisiones de CO<sub>2</sub> procedentes de fuentes de biomasa no computan en el balance de cuotas de gases invernadero asignadas a los países y a las industrias de los países firmantes de dicho Protocolo.

El Laboratorio De Caracterización Físico-Químico-Energética de la Universidad de Vigo realiza análisis de biomasa con objeto de estudiar las características de la misma para un mejor aprovechamiento y determinar cual es la más apta para los distintos procesos de valorización energética.

### Analítica del laboratorio de biomasa

#### Humedad:

Se mide el contenido de agua de la muestra. El resultado en porcentaje de agua sobre base húmeda (producto inicial).

Estufa INDELAB IDL.FI 720 con regulación electrónica y convección forzada de aire de 720 l.

Estufa para desecación al vacío. RAYPA EV-50




#### Densidad:

La densidad nos va indicar el grado de compactacion de la biomasa. Está se puede estimar en las materias prima y en el producto final densificado. Hay dos tipos de densidad:

Densidad aparente

Densidad real



#### Granulometría:

La clasificación por tamaños de las partículas puede resultar interesante desde el punto de vista de la eliminación de las fracciones indeseables; o bien, desde la perspectiva de aprovechamiento diferencial de las distintas fracciones granulométricas presentes

Vibrotamiz C.I.S.A. RP-03 con juego de tamices de diámetro de luz malla decreciente



#### Análisis inmediato:

Se quema la muestra sin oxígeno y en presencia de oxígeno con el objeto de conocer:

Volátiles son monómeros, fragmentos de hemicelulosa, celulosa y polímeros de lignina

Cenizas son la parte inorgánica de la biomasa, pueden fundir en la calderas provocando daños serios

Carbono fijo por diferencia en % obtenemos el carbono fijo que hay en la muestra

Horno Eléctrico De Mufla HOBERSAL 12-PR/200

Horno Mufla eléctrico SELECTA Select Horn



#### Friabilidad (resistencia al golpeo):

Medida de la resistencia de las briquetas a la acción mecánica

*Poder calorífico:*

Una masa conocida de biomasa se quema en atmósfera de oxígeno en una bomba calorimétrica en condiciones normalizadas

Calorímetro isoperibólico PARR 1261 con Bomba Malher

*Microanálisis:*

Contenido total de carbono, hidrógeno, nitrógeno e azufre (C, H, N, S) presente en un amplio rango de muestras orgánicas e inorgánicas.

*Macroanálisis:*

Contenido total de carbono y nitrógeno, así como la determinación de carbono inorgánico mediante generación CO<sub>2</sub> por ataque ácido.



## Proyectos de investigación

Caracterización de biomasa residual para aprovechamiento energético

Estudios de viabilidad de densificación de residuos de la industria del tablero

Estudios de aprovechamiento de los restos de la industria del mueble.

Estudios de valoración energética de los productos de la madera





## Relatorio

José Armando Rey Rodríguez

# La experiencia en el trabajo en lo rural: Los ingenieros técnicos agrícolas

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006  
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

**Resumen** Se realiza una revisión de la actividad que han llevado a cabo en la provincia de Lugo los ingenieros técnicos agrícolas y su colegio profesional y su implicación con los sectores agrarios y la evolución que esta han experimentado. En la segunda parte del trabajo se realiza una serie de propuestas para el desarrollo rural de Galicia que desde la óptica del colectivo de los ingenieros técnicos agrícolas no se llevaron a cabo y que están en la base del futuro de la actividad agraria gallega.

**Palabras clave** Ingeniero técnico agrícola · actividad profesional · ejes de la actividad agraria.

**Abstract** Our contribution makes a revision of the activity that agricultural engineering technicians and the Association of Agricultural Engineering Technicians have been developing in the province of Lugo, their involvement in the agricultural and farming sectors and the evolution of such an involvement. The second part of this paper offers some suggestions for rural development actions in Galicia that, in the opinion of agricultural engineering technicians, have not been carried out and are a key to the future of Galician agricultural activity.

**Key words** Agricultural Engineering Technician · Professional Activity · Focal Points of Agricultural Activity.

## Un poco de historia. Los ingenieros técnicos agrícolas. Sus competencias y atribuciones

Las atribuciones de los Ingenieros Técnicos de especialidades agrícolas, durante el siglo XIX, fueron establecidas de forma simultánea a las de los Ingenieros

Agrónomos. Entrado el siglo XX, tuvieron una nueva estructuración a partir de la Ley 2/1964, de 29 de abril, sobre Reordenación de las Enseñanzas Técnicas, siendo el Decreto 148/1969, de 13 de febrero, promulgado en desarrollo de la citada Ley, el que reconoció y definió una pluralidad de especialidades. Las facultades profesionales propias de la Ingeniería Técnica Agrícola se establecieron por el Decreto 2094/1971, de 13 de agosto, el mismo que estableció la equiparación entre los Ingenieros Técnicos de las distintas especialidades agrícolas y los antiguos Peritos Agrícolas y que a partir de entonces fue la norma fundamental en materia de atribuciones.

